

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE OURENSE

SERVIZOS XERAIS

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN DO MUNICIPIO DE OURENSE

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións do municipio de Ourense

Mediante o Acordo do Pleno do Concello de Ourense do 3 de outubro de 2025, resolvéronse as alegacións presentadas durante o trámite de información pública e audiencia aos interesados e aprobouse definitivamente a Ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións do municipio de Ourense.

Polo exposto, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, mediante o presente anuncio procédese á publicación do texto íntegro da dita Ordenanza, informando ás persoas interesadas de que contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses, contados de data a data a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Sen prexuízo do anterior, as persoas interesadas poderán interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que consideren oportuno.

Ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións do municipio de Ourense

I. Preámbulo:

A. Fundamento legal e títulos competenciais

Aínda que existen precedentes en ordenanzas municipais de grandes concellos (así, nas ordenanzas de mobilidade dos concellos de Madrid e Barcelona, que estableceron as primeiras zonas de baixas emisións en España en 2018 e 2019, respectivamente) as zonas de baixas emisións foron introducidas no noso ordenamento, con carácter xeral, a través da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, cuxo artigo 14.3.a) estableceu a obriga para os municipios de máis de 50.000 habitantes e os territorios insulares de adoptar, antes de 2023, plans de mobilidade urbana sostible que introduzan medidas de mitigación que permitan reducir as emisións derivadas da mobilidade, incluíndo, cando menos, o establecemento de zonas de baixas emisións antes de 2023. Neste mesmo artigo 14.3 defínese a zona de baixas emisións como o ámbito delimitado por unha administración pública, no exercicio das súas competencias, dentro do seu territorio, de carácter continuo, e no que se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos para mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme á clasificación dos vehículos polo seu nivel de emisións de acordo co establecido no Regulamento xeral de vehículos vixente.



Se ben a Lei de cambio climático e transición enerxética prevía a implantación das zonas de baixas emisións nun prazo moi curto – pouco máis de ano e medio - debendo estar implantadas en municipios como o de Ourense antes de 2023, é dicir, a 31 de decembro de 2022 – a aplicación desta previsión temporal resultou practicamente imposible (como demostra o dato de que a maior parte das cidades españolas non dispuñan de zonas de baixas emisións efectivamente implantadas na data prevista, coa excepción, fundamentalmente, daquelas que – como é o caso de Madrid e Barcelona – iniciaran xa ese proceso anos antes da aprobación da lei). De feito, o desenvolvemento regulamentario do artigo 14.3.a) da Lei de cambio climático e transición enerxética – que, en rigor, límitase á definición xeral das zonas de baixas emisións e ao mandato da súa implantación – non se produce ata a publicación, o 28 de decembro de 2022 (é dicir, apenas tres días antes de que se cumprise o prazo previsto na lei para a implantación destas zonas), do Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións, norma que constitúe o marco inmediato de referencia da presente ordenanza.

O fundamento legal da presente ordenanza reside na obriga establecida na Lei de cambio climático e transición enerxética e no Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións, enmarcándose esa obriga na competencia para o establecemento e regulación destes ámbitos inherente ao mandato do artigo 14.3.a) da citada Lei, así como nas competencias atribuídas aos municipios polo noso ordenamento xurídico, en virtude das seguintes normas:

a) En primeiro lugar, o artigo 25.2, apartados b) e g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que prevé que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, entren outras, nas materias de medio ambiente urbano (en particular, en materia de protección contra a contaminación acústica e atmosférica nas zonas urbanas) e de tráfico e estacionamento de vehículos e mobilidade.

b) Esta previsión xenérica da Lei de bases de réxime local concrétese en diferentes normas sectoriais, que atribúen aos municipios competencias concretas nas materias indicadas. En primeiro lugar, o artigo 16.4 da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, habilita ás entidades locais, no ámbito das súas competencias, para elaborar os seus propios plans e programas, co fin de cumprir os niveis establecidos na normativa correspondente, permitíndolles adoptar medidas de restrición total ou parcial do tráfico, entre as que se inclúen as restricións aos vehículos máis contaminantes; en segundo lugar, o artigo 7 do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado por Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, atribúe aos municipios a competencia para a regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, incluíndo a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías e a súa sanción cando non estea expresamente atribuída a outra administración, así como a regulación mediante ordenanza municipal de circulación dos usos das vías urbanas e a restrición da circulación a determinados vehículos en vías urbanas por motivos medioambientais.

c) Por último, e como título competencial máis específico, o xa citado artigo 14.3.a) da Lei de cambio climático e transición enerxética e o seu regulamento de desenvolvemento atribúen sen



lugar a dúbidas aos municipios – co carácter ademais dunha obriga – a competencia para o establecemento e regulación das zonas de baixas emisións.

B. Coherencia coas previsións do Plan de Mobilidade Urbana Sostible de Ourense e con outros instrumentos de planificación vixentes no municipio.

O Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Ourense do 28 de novembro de 2019, ao ser anterior á Lei de cambio climático e transición enerxética, non contemplaba expresamente, na súa redacción orixinal, a figura das zonas de baixas emisións. Non obstante, as súas propostas estaban claramente orientadas cara un modelo de mobilidade sostible, baseado no incremento dos espazos de uso ou prioridade peonil, na redución do emprego do vehículo privado, no incremento do transporte público e na introdución de modalidades de transporte alternativas complementarias, menos agresivas dende o punto de vista medioambiental (bicicletas ou vehículos de mobilidade persoal), co que este plan resulta coherente co concepto e finalidade das zonas de baixas emisións. De feito, a delimitación da Zona de Baixas Emisións Ourense Centro – a primeira que se prevé implantar no municipio, e cuxo establecemento e regulación se efectúa a través da presente ordenanza - definiuse partindo da previsión do PMUS en canto á delimitación dunha ampla zona peonil futura na cidade, que abranguería a améndoa delimitada polas rúas Celso Emilio Ferreiro (ao norte) e a rotonda da Mariñamansa (ao sur) polas rúas Progreso e Avenida de Zamora (ao oeste) e polas rúas Emilia Pardo Bazán, Pena Trevinca e Nosa Señora da Saínza (ao leste). A delimitación da ZBE Ourense Centro limitase a unha parte deste amplo espazo peonil previsto no PMUS de 2019, circunscribíndose ao casco histórico e o centro moderno, entre as rúas Habana (norte) e Coruña (sur) e mantendo os lindeiros occidental e oriental previstos no PMUS (no ámbito da ZBE Centro, as rúas Progreso, Pena Trevinca e Emilia Pardo Bazán, respectivamente), constituíndo, por tanto, un primeiro paso cara á pacificación e redución progresiva do tráfico nesta zona, de forma previa á súa eventual e futura conversión nun ámbito peonil. Ademais, e tamén en liña coas previsións do PMUS, a través dunha disposición adicional da ordenanza das zonas de baixas emisións procédese a modificar a Ordenanza municipal de tráfico e circulación, con fin de ampliar a zona peonil – actualmente limitada ao casco histórico – a unha parte do centro moderno da cidade lindeira co casco histórico e na que se teñen realizado recentemente actuacións de humanización das rúas orientadas a esa ampliación da zona peonil. Deste xeito, aprovéitase a tramitación do establecemento da primeira zona de baixas emisións para levar a cabo de forma simultánea unha ampliación da zona peonil da cidade, levando así á practica unha das liñas estratéxicas centrais do PMUS de 2019.

Sen prexuízo do anterior, e co fin de dotar de plena coherencia as previsións do PMUS e as da Ordenanza, de forma simultánea á tramitación desta procedeuse á actualización do PMUS, adaptándoo á Lei de cambio climático e transición enerxética e incluíndo entre as súas previsións a implantación de zonas de baixas emisións na cidade, e concretamente da ZBE Ourense Centro. A aprobación definitiva desta actualización do PMUS foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de 23 de xullo de 2025.

Polo que respecta ao resto de instrumentos de planificación vixentes no municipio, a coherencia da regulación contida na presente ordenanza atópase suficientemente xustificada no proxecto da



Zona de Baixas Emisións Ourense Centro (apartado 4, páxinas 33 e seguintes), que consta como anexo III á ordenanza.

C. Estrutura e contido. Aspectos xerais da regulación establecida na ordenanza.

A Ordenanza das Zonas de Baixas Emisións estrutúrase do seguinte xeito:

1º) En primeiro lugar, o texto articulado da ordenanza contén unha regulación xeral, con vocación de estabilidade e permanencia, integrada por once artigos nos que se recollen as normas xerais aplicables a todas as zonas de baixas emisións que poidan establecerse no municipio de Ourense.

2º) Esta regulación xeral complementábase con tres anexos, que completan a ordenación xeral das zonas de baixas emisións do texto articulado.

O Anexo I contén a delimitación e definición do réxime específico de cada zona de baixas emisións.

O Anexo II contén as normas comúns de circulación, acceso e estacionamento nas zonas de baixas emisións, así como a regulación das autorizacións de acceso e circulación. Estas normas comúns serán de aplicación para a totalidade das zonas de baixas emisións do municipio, sen prexuízo da aplicación preferente das normas específicas que poidan establecerse no anexo I para cada zona específica, no seu caso.

O Anexo III, por último, integra na Ordenanza os proxectos das zonas de baixas emisións previstos no artigo 10 do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro. Inicialmente, só se contempla o proxecto da ZBE Ourense Centro, que é a primeira que se delimita no municipio.

3º) En terceiro lugar, a ordenanza inclúe unha disposición adicional na que se procede a modificar a Ordenanza municipal de tráfico e circulación, introducindo as seguintes modificacións:

- Actualízase a regulación das zonas peonís da cidade, actualmente contida nos anexos I e II da dita Ordenanza, aos que se da nova redacción, ampliando o espazo da zona peonil – que pasa a incluír unha serie de rúas do centro moderno, lindeiras co casco histórico – e modificando a regulación do sistema de autorización de accesos á zona peonil, adaptándoo á supresión do antigo sistema de bolardos e á súa recente substitución por un sistema de control baseado no emprego de cámaras de lectura de matrículas. Introdúcese unha disposición transitoria que mantén a vixencia das autorizacións concedidas conforme á regulación anterior, agás sexan contrarias ás nova regulación, suposto no que se deberá proceder á súa declaración expresa de caducidade por parte do Concello.

- Introdúcese ademais na ordenanza a habilitación ao órgano municipal competente en materia de tráfico para delimitar zonas de estacionamento reservado para vehículos de alugueiro de curta duración na modalidade coñecida como carsharing, así como zonas de estacionamento temporal limitado nas inmediacións de centros docentes, sanitarios e de prestación de servizos sociais, reservadas para ás persoas usuarias destes centros.

4º) Por último, a ordenanza inclúe unha disposición derogatoria a través da que, entre outras medidas, procédese á derogación da Ordenanza reguladora do servizo municipal de ordenación e regulación de vehículos vía pública (ORA), quedando suprimido o dito servizo con efectos do 1 de xaneiro de 2026.

Máis aló do marco normativo xeral para as diversas zonas de baixas emisións que poidan establecerse no futuro, a regulación do réxime de accesos, circulación e estacionamento establecida na



ordenanza parte da análise da situación actual efectuada no proxecto da zona de baixas emisións de Ourense Centro – única zona que se establece inicialmente – nos termos que cabe resumir como segue:

a) Conforme resulta da análise efectuada nos apartados 5 (avaliación da contaminación) e 6 (orixe da contaminación) do proxecto da ZBE Ourense Centro que consta no anexo III, a cidade de Ourense dispón actualmente dunha boa calidade do aire, con niveis de contaminación atmosférica baixos de maneira sostida durante os últimos anos. A análise parte dos datos obtidos das dúas estacións de calidade de aire dispoñible (a ECA municipal do parque da Alameda e a ECA da Xunta de Galicia situada na rúa Eulogio Gómez Franqueira), datos que, aínda que proceden de puntos externos ao ámbito da ZBE Centro, se consideran suficientemente representativos, ao non existir grandes diferenzas entre as diferentes partes do casco urbano (sendo a rúa Eulogio Gómez Franqueira unha das de maior densidade de tráfico da cidade). Estes datos revelan que en ningún caso se sobrepasaron os límites estipulados polo vixente Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire, e mesmo chégase, xa na actualidade, a cumprir na súa maioría os valores límite previstos para 2030 pola recente Directiva (UE) 2024/2881, do 23 de outubro de 2024 (como é o caso dos niveis de dióxido de nitróxeno nas dúas estacións de calidade do aire, das partículas en suspensión na estación da Alameda, ou do dióxido de xofre nas dúas estacións) e incluso nalgún caso cúmprense xa os valores límites máis esixentes, que son os establecidos nas Directrices Mundiais de Calidade do Aire da Organización Mundial da Saúde (así, no caso das partículas grosas en suspensión na estación da Alameda, ou nos promedios diarios de dióxido de xofre en ambas estacións). A estes datos engádese que os incumprimentos detectados verbo dos obxectivos marcados para 2030 pola nova Directiva (aínda non trasposta ao ordenamento xurídico español) son de escasa entidade (sendo o de maior importancia relativa o dato de partículas en suspensión rexistrados na estación de Gómez Franqueira, nunha zona con alta intensidade de tráfico).

En canto aos niveis de contaminación acústica, se ben existen determinadas zonas nas que estes niveis exceden o permitido, ou ben se trata de zonas externas á zona de baixas emisións – en vías de alta densidade de tráfico – ou ben a fonte da contaminación non é o tráfico viario (como no caso da contaminación acústica producida en determinados puntos do casco histórico).

b) En segundo lugar, os obxectivos a cumprir coa implantación da zona de baixas emisións, no seu ámbito territorial específico, que se propoñen no apartado 7 do proxecto da ZEB Ourense Centro (e que se resumen na táboa 15 que figura na páxina 89 do proxecto) toman como referencia o ano 2030 (ao ser esta a referencia tanto da nova Directiva da Unión Europea como dos plans e estratexias establecidas no Estado español a partir da Lei de cambio climático e transición ecolóxica) cifrándose, para o caso dos indicadores de calidade do aire, nos valores marcados pola Directiva para ese ano; no caso dos indicadores de cambio climático e mobilidade sostible, polos obxectivos establecidos na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 (en canto á redución das emisións de CO₂); polo Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021 – 2030 (en canto ao número de vehículos de cero emisións); e polo propio PMUS de Ourense en canto á redución dos desprazamentos en vehículo privado; no caso dos indicadores de ruído, polo cumprimento dos valores máximos previstos no Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei



37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas; e, por último, no caso dos indicadores de eficiencia enerxética (a redución do tráfico rodado e do consumo de combustibles fósiles), polos obxectivos do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021 – 2030.

c) Tendo en conta tanto os datos recollidos no proxecto en canto á situación actual como os obxectivos propostos verbo dos catro indicadores sinalados, o proxecto da ZBE Ourense Centro analiza no seu apartado 8 as posibles medidas a adoptar, e tras tomar en consideración diversas alternativas, óptase por unha fórmula mixta (que é a que se plasma nesta ordenanza para a ZBE Ourense Centro), baseada en dúas medidas principais, a saber:

I) En primeiro lugar, unha ampliación substancial da actual zona peonil, actualmente limitada ao casco antigo, e que pasará a estenderse a zonas lindeiras do centro moderno.

II) En segundo lugar, a introdución, no resto da ZBE Centro, das restricións ao acceso, circulación e estacionamento dos vehículos máis contaminantes, propias deste tipo de zonas, na contorna desa área peonil ampliada.

En canto á ampliación das zonas peonís, dentro da delimitación da ZBE Centro, esténdese esta a zonas lindeiras co casco histórico (rúa da Concordia, Arturo Pérez Serantes, San Francisco e o tramo inicial da avenida Buenos Aires ata Bedoya, así como os tramos de Valle – Inclán e Ramón Cabanillas lindeiros coas novas vías peonís) e a zonas do centro moderno lindeiras ou próximas ao parque de San Lázaro (tramo da rúa parque de San Lázaro entre Concello e Bedoya, tramo inicial de Bedoya ata o cruce con Ramón Cabanillas, rúa Xaquín Lorenzo Xocas, rúa Cardenal Quevedo entre o parque de San Lázaro e a rúa Habana e rúa Valle – Inclán entre Bedoya e Habana) ademais de recoller tamén a rúa Teluro (sinalizada dende hai anos como viario de acceso restrinxido na contorna da praza peonil de San Antonio). Esta primeira medida supón a restrición máis intensa ao tráfico viario, cunha importante contribución aos obxectivos do proxecto no seu ámbito, e supón unha continuidade – en liña coas previsións do PMUS 2019 – nas políticas de mobilidade seguidas polo Concello no último cuarto de século, tendente á recuperación do espazo público para os cidadáns e á impulsión do cambio modal no transporte da cidade, xerando espazos libres para actividades comerciais e de lecer no centro da cidade.

En canto ás restricións aos vehículos máis contaminantes, como xa se indicou os datos de contaminación dispoñibles non xustifican o establecemento dunha zona de baixas emisións con grandes restricións, polo que nas normas comúns destas zonas optouse por establecer as restricións mínimas, limitando a prohibición do acceso aos vehículos sen etiqueta ambiental e combinando esta prohibición xeral coa previsión das excepcións necesarias para evitar que a prohibición teña un carácter desproporcionado para determinados usuarios cualificados (residentes, operadores económicos e de servizos na ZBE e usuarios en xeral que accedan aos inmobles dedicados a estacionamento existentes na ZBE) evitando causar prexuízos desproporcionados á cidadanía, establecendo limitacións non xustificadas da mobilidade, e permitindo unha implantación gradual e non traumática dos novos padróns de mobilidade.

Nesta mesma liña de proporcionalidade do réxime de restricións, ademais, o calendario de implantación da ZBE Ourense Centro divídese en dúas fases: unha primeira fase, para a que se



prevé a súa entrada en vigor a partir do 26 de decembro de 2025, na que o réxime de restricións aplicárase unicamente para as vías comprendidas dentro dos límites definidos polas rúas Habana, Emilia Pardo Bazán, Pena Trevinca, Coruña, Progreso, Xoán XXIII, Concello, Parque de San Lázaro (tramo entre Concello e Curros Enríquez) e Curros Enríquez (ata a rúa Habana). E unha segunda fase, - a partir do 1 de xaneiro de 2029 - na que o réxime de restricións estenderase ao resto da ZBE, e, en concreto, ás rúas Concello, Xoán XXIII e Curros Enríquez (tramo ata a rúa Habana). Esta medida de implantación gradual por fases da ZBE Ourense Centro motívase fundamentalmente polo carácter arterial da rúa Xoán XXIII, e a súa función de eixo de comunicación do tráfico viario entre o oeste e o leste da cidade na súa zona norte, na que o establecemento de restricións aos vehículos sen etiqueta ambiental nun curto período de tempo podería implicar trastornos excesivos para o tráfico e mesmo efectos colaterais prexudiciais, como a sobrecarga de tráfico no tramo final da rúa Habana.

As dúas medidas principais sinaladas – a ampliación da zona peonil e o establecemento da ZBE Ourense Centro - complétanse coa supresión do sistema de estacionamento regulado coñecido como sistema ORA, baixo a consideración fundamental de que este sistema fomenta o uso do vehículo particular – ao facilitar o estacionamento en superficie – desincentivando o cambio modal no transporte e resultando, por tanto, contraditorio coa política de mobilidade que inspira esta ordenanza.

Nos apartados seguintes descríbese de modo mais detallado cada un dos contidos indicados.

D. Descrición e xustificación da regulación contida no proxecto de ordenanza.

D.1. Regulación xeral das zonas de baixas emisións (artigos 1 a 10 da Ordenanza):

Polo que se refire á regulación xeral contida nos artigos 1 a 10 da ordenanza (ámbolos dous incluídos) nesta parte establécese o marco normativo xeral das zonas de baixas emisións, referido á totalidade destas zonas que poidan chegar a establecerse no municipio. Esta regulación xeral inclúe a definición do obxecto da ordenanza (artigo 1) e do seu ámbito de aplicación, remitindo ao anexo I en canto á definición das zonas de baixas emisións que se establezan, ao que se engade a determinación de que o establecemento das novas zonas de baixas emisións deberá efectuarse mediante a modificación da propia ordenanza ou dos seus anexos (artigo 2). No artigo 3 regúlanse os proxectos de zonas de baixas emisións, previstos no artigo 10 do Real decreto 1052/2022. A este respecto, a ordenanza contén dúas determinacións de importancia, que se introduciron por razóns de seguridade xurídica e á vista da existencia dun certo grao de indeterminación desta figura, en canto á súa natureza xurídica, na súa regulamentación estatal. En efecto, o Real decreto 1052/2022 establece por unha banda que as zonas de baixas emisións serán delimitadas e reguladas pola normativa municipal (artigo 2.3), isto é, nunha ordenanza municipal (o que, ademais, é coherente co previsto no artigo 7 do texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, que igualmente remite ás ordenanzas municipais para a regulación do tráfico); pero, por outra banda, no seu artigo 10 esíxese que con carácter previo se elabore un proxecto de zona de baixas emisións co contido mínimo indicado no dito precepto. O procedemento de aprobación do proxecto non se regula en detalle (o artigo 11 unicamente indica que se debe someter a información pública por prazo de trinta días mediante anuncio na páxina web do Concello), e, en canto aos seus



contidos, recóllense nos anexos I.A e I.B do propio Real decreto, incluíndo diferentes documentos informativos de análise e estudo da problemática da zona de baixas emisións na súas diferentes dimensións (xurídica, económica, técnica e de impacto social), a definición dos obxectivos a acadar e a proposta de medidas de restrición da circulación (medidas que veñen a constituír, xunto coa súa delimitación, o núcleo duro da regulación da zona de baixas emisións). Deste xeito, o proxecto de zona de baixas emisións viría a ser o antecedente non normativo da ordenanza, que serve de fundamento e motivación desta. Tendo en conta estas consideracións, estimouse que, aínda carecendo dese carácter normativo, o proxecto debería integrarse na ordenanza á que serve de sustento técnico, e por este motivo o artigo 3.1 dispón que os proxectos das zonas de baixas emisións queden integrados, como anexos, na propia ordenanza, unificando e racionalizando deste xeito a regulación destas zonas, ao quedar integrados ambos instrumentos nun único documento. Sen prexuízo do anterior, no artigo 3.2 aclárase que o proxecto técnico non ten valor normativo, senón informativo e motivador das determinacións da ordenanza, integrándose nesta a estes efectos. Por último, no artigo 3.3 desenvólvese a previsión do artigo 10.4 do Real decreto 1052/2022, en canto á revisión periódica dos proxectos, completando a regulamentación estatal coa especificación de que a revisión debe concretarse na emisión dun informe do que debe darse conta á Xunta de Goberno, e na habilitación á Xunta de Goberno para adoptar a decisión que proceda no caso de que do informe de revisión resulte a necesidade de modificar o proxecto e, por ende, da ordenanza na que este se integra.

O artigo 4 regula a sinalización das zonas de baixas emisións, por referencia aos sinais establecidos para estas zonas no catálogo da Dirección Xeral de Tráfico especificando ademais como contidos adicionais a información sobre o ámbito temporal de aplicación das restricións e a etiqueta dos vehículos aos que, como regra xeral, se prohíbe o acceso. Prevese ademais a colocación dun panel adicional no que conste a información dos tipos de vehículos que, de acordo co establecido nos anexos I e II da Ordenanza, quedan exceptuados da prohibición de acceso e circulación, se ben – e dado que previsiblemente esa información, no referente ás excepcións relativas a vehículos sen o distintivo ambiental que permite o acceso, pola súa extensión e complexidade pode ser de difícil ou imposible recolección nun panel, establécese a posibilidade de que tal información poida recollerse cun enlace mediante código QR á páxina web informativa da zona de baixas emisións.

No artigo 5 establécese o réxime de acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións, por remisión ao disposto nos anexos II (normas comúns) e I (normas específicas de cada zona de baixas emisións), establecendo a prelación entre estes en función do principio de preferencia da norma especial sobre a xeral. Ademais, contense unha habilitación á Alcaldía para, en casos excepcionais, e por razóns de interese público, habilitar de forma temporal o acceso de vehículos a estas zonas en supostos diferentes aos dos anexos I e II. Esta excepción – que só pode ter carácter temporal e debe motivarse por razóns de interese público – xustifícase como medida de peche do sistema, dado o enorme casuismo da normativa da zona de baixas emisións, e ante a previsión de que poidan xurdir situacións excepcionais, non previstas na ordenanza, nas que a aplicación das restricións poida resultar prexudicial para o interese público.



No artigo 6 prevese a creación dun rexistro informatizado para a xestión das autorizacións de acceso, circulación e estacionamento, con respecto en todo caso á normativa do esquema nacional de seguridade e de protección de datos, remitindo aos anexos I e II en canto á regulación da tramitación das solicitudes. De xeito semellante, no artigo 7 prevese o emprego de sistemas automáticos de lectura de matrículas dos vehículos para a realización do control de accesos, sen prexuízo da posibilidade da realización de tarefas de control, vixilancia e denuncia través dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

O artigo 8 establece a obriga de que toda a información sobre as zonas de baixas emisións estea dispoñible, de forma permanente e actualizada, na páxina web do Concello, así como a obriga de habilitar canles de comunicación e atención aos cidadáns tanto presenciais, como telefónicas e telemáticas.

Por último, esta regulación xeral péchase cos artigos 9 e 10, nos que se desenvolve o réxime sancionador da zona de baixas emisións, ao abeiro do previsto no apartado z3 do artigo 76 do texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

D.2. Contido do anexo I: delimitación e definición do réxime específico de cada zona de baixas emisións.

No anexo I contense a delimitación e definición do réxime específico de cada zona de baixas emisións. Inicialmente, a ordenanza só contempla unha zona de baixas emisións no municipio (a Zona de Baixas Emisións Ourense Centro). O establecemento das novas zonas que poidan crearse no futuro – así como as posibles ampliacións da ZBE Ourense Centro – deberá levarse a cabo mediante a modificación da presente ordenanza, incorporando a este anexo I a delimitación e regulación específica de cada unha delas.

Polo que se refire á Zona de Baixas Emisións Ourense Centro, o anexo I recolle a súa delimitación, que, como se dixo, abrangue o casco histórico e o centro moderno da cidade, entre as rúas Habana e praza de Concepción Arenal (norte) Coruña (sur), Progreso (leste) e Pena Trevinca e Emilia Pardo Bazán (oeste). Esta delimitación – en liña coa previsión dunha gran améndoa peonil central contida no PMUS de 2019 – xustifícase plenamente dende unha visión evolutiva do proceso de cambio progresivo do modelo de mobilidade urbana da cidade, partindo da zona peonil do casco histórico xa existente e ampliando o espazo de circulación restrinxida aos vehículos en dous niveis: un primeiro, consistente na ampliación da zona peonil cara ás vías do centro moderno lindeiras co casco histórico, e un segundo, consistente na delimitación da zona de baixas emisións - con limitación de circulación aos vehículos máis contaminantes – no espazo demarcado polas grandes vías de circulación perimetral do centro da cidade (as indicadas rúas do Progreso, Coruña, Pena Trevinca, Emilia Pardo Bazán e Habana, que entronca con Progreso a través da praza de Concepción Arenal).

O tempo de aplicación das restricións é continuo (ao non apreciarse motivos para limitar esa aplicación temporal, máxime tendo en conta que, como se exporá, as restricións previstas teñen un carácter mínimo, e considerando ademais que esa continuidade na aplicación simplifica a xestión da ZBE, tanto para a Administración municipal como para os cidadáns).



A entrada en vigor desta zona de baixas emisións artículase en dúas fases: unha primeira, que entraría en vigor o 26 de decembro de 2025 (diferindo non obstante a aplicación do réxime sancionador ao 1 de xullo de 2026, co fin de permitir unha familiarización progresiva da veciñanza coa nova normativa) e que afectaría exclusivamente ás vías comprendidas dentro dos límites definidos polas rúas Habana, Emilia Pardo Bazán, Pena Trevinca, Coruña, Progreso, Xoán XXIII, Concello, Parque de San Lázaro (tramo entre Concello e Curros Enríquez) e Curros Enríquez (ata a rúa Habana). E unha segunda fase, que entraría en vigor o 1 de xaneiro de 2029, na que o réxime de restricións aplicaríase xa na totalidade da ZBE Ourense Centro.

Non se prevén normas específicas de acceso, circulación e estacionamento nesta zona, agás as relativas ao acceso ás zonas peonís delimitados dentro da ZBE, que rexeranse polas normas establecidas no anexo II da Ordenanza municipal de tráfico e circulación do municipio de Ourense, especialidade que se xustifica pola diferente natureza das vías peonís, que implican un maior grao de restrición do tráfico viario.

D.3. Contido do anexo II: réxime xeral de acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións

O anexo II contén as normas comúns de acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións, que constitúen o núcleo duro da súa regulación, xa que son estas normas as que, con carácter xeral, determinan o nivel de restrición do tráfico viario que se establece.

Como xa se indicou no apartado C, esta regulación parte da análise da situación actual efectuada no proxecto da Zona de Baixas Emisións Ourense Centro.

En canto ás restricións aos vehículos máis contaminantes, como se avanzou os datos de contaminación dispoñibles non xustifican o establecemento dunha zona de baixas emisións con grandes restricións, polo que se optou por establecer as restricións mínimas, limitando a prohibición do acceso aos vehículos sen etiqueta ambiental e combinando esta prohibición xeral coa previsión das excepcións necesarias para evitar que a prohibición teña un carácter desproporcionado para determinados usuarios cualificados (residentes, operadores económicos e de servizos na ZBE e usuarios en xeral que accedan ás zonas de estacionamento existentes na ZBE) evitando causar prexuízos desproporcionados á cidadanía, establecendo limitacións non xustificadas da mobilidade, e permitindo unha implantación gradual e non traumática dos novos padróns de mobilidade.

Na regulación das autorizacións, ademais, tentouse simplificar ao máximo o seu réxime, eliminando cargas burocráticas innecesarias mediante o uso das novas tecnoloxías na xestión, empregando cámaras de lectura de matrículas – como as xa instaladas no control de accesos á zona peonil do casco histórico – para o control dos accesos. Así, establécense dous réximes diferentes de acceso: o acceso libre, no que se inclúen todos aqueles supostos nos que o Concello pode obter de oficio os datos dos vehículos autorizados – ben por dispoñerse deste nas bases de datos do propio Concello, ben a través das bases de datos do Rexistro de Vehículos da Xefatura Central de Tráfico; e o acceso previa autorización, que se aplica naqueles casos nos que non é posible dispoñer de oficio da información necesaria e esta ten que ser achegada polas persoas interesadas. Este sistema complétase, ademais, cunha importante flexibilización da tramitación das autorizacións de acceso, ao permitir que estas se poidan solicitar incluso ata cinco días hábiles despois do primeiro acceso,



evitando deste xeito que a necesidade de solicitar autorización e agardar á súa resolución poida converterse nunha barreira á mobilidade na zona de baixas emisións.

Deste xeito, permítese o acceso libre nos seguintes supostos: ciclos, bicicletas e vehículos de mobilidade persoal, vehículos diferentes aos anteriores con distintivo ambiental B, C, ECO e 0, e vehículos que non dispoñan dos ditos distintivos ambientais, pero se atopen nalgún dos supostos de usuarios cualificados aos que se permite o acceso por precisar deste para a súa vida cotiá ou para a realización de actividades económicas, profesionais ou de servizos na zona de baixas emisións. O listado de supostos inclúe os vehículos de persoas residentes ou titulares de prazas de garaxe, vehículos de persoas con mobilidade reducida que dispoñan da tarxeta de estacionamento expedida polo Concello de Ourense, vehículos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, do Ministerio de Defensa, dos servizos de prevención e extinción de incendios, protección civil, ambulancias, servizos médicos, servizos funerarios, transporte escolar, transporte interurbano de persoas, escolas de condución, taxis e autoturismos, vehículos de unidades móbiles de radio e televisión e vehículos de auxilio en vías públicas, (en tódolos casos, cando estean clasificados para estes servizos no permiso de circulación conforme ao anexo II do Regulamento xeral de vehículos); vehículos adscritos aos servizos municipais do Concello de Ourense; vehículos sen distintivo ambiental, exclusivamente para o acceso aos estacionamentos públicos emprazados dentro da zona de baixas emisións; e vehículos de carga e descarga de mercadorías, dentro dos horarios permitidos pola Ordenanza municipal de tráfico e circulación.

En canto ao acceso suxeito a autorización previa, cínquese aos supostos de vehículos que se atopan nunha situación que da dereito a acceder e circular pola zona pero para os que non é posible dispoñer de oficio dos datos necesarios para comprobar a existencia dese dereito de acceso (vehículos de persoas residentes ou titulares de prazas de garaxe para os que as persoas interesadas non figuren como condutores habituais no Rexistro de Vehículos da Xefatura Central de Tráfico, vehículos de persoas que posúan prazas de garaxe na zona de baixas emisións en réxime diferente ao da propiedade, vehículos de persoas con mobilidade reducida que dispoñan de tarxeta de estacionamento outorgada por entidades locais diferentes ao Concello de Ourense, vehículos para prestación de servizos públicos non municipais que non estean incluídos nos supostos de acceso libre, vehículos de persoas titulares de establecementos profesionais, mercantís ou de servizos na zona de baixas emisións, vehículos de pais, nais, titores ou gardadores de feito de persoas menores de idade escolarizadas en centros docentes situados na zona de baixas emisións, vehículos de persoas cuxos centros de traballo se atopen na zona de baixas emisións, vehículos de persoas físicas ou xurídicas que presten servizos a persoas dependentes, persoas maiores de sesenta e cinco anos ou persoas menores de doce anos empadroadas nas zonas de baixas emisións, vehículos de reparto a domicilio, vehículos de persoas que vaian pernoitar en establecementos hoteleiros situados nas zonas de baixas emisións, vehículos de empresas de servizos de seguridade privada, incluídos os vehículos de transporte de caudais, vehículos vinculados á execución de obras ou realización de traballos de mantemento de infraestruturas e instalacións na zona de baixas emisións, vehículos que accedan a talleres de mantemento e reparación de vehículos situados nas zonas de baixas emisións, vehículos que presten servizo de mudanzas, vehículos con matrícula estranxeira,



vehículos declarados históricos que consten como tales no Rexistro de Vehículos, para determinados usos ocasionais, e vehículos que deban acceder á ZBE para a súa participación en cerimonias civís ou relixiosas ou eventos sociais, culturais ou deportivos). A regulación das autorizacións complétase coa indicación da documentación precisa para a súa obtención e coa limitación temporal destas autorizacións aos días e horas nos que son precisas conforme á causa que as xustifica.

D.4. Contido do anexo III:

O Anexo III recolle a referencia dos proxectos de zonas de baixas emisións (incluíndo o código seguro de verificación deste documento, que permite a súa obtención gratuíta na sede electrónica do Concello) que se integran na ordenanza polas razóns expostas ao comentar o contido do artigo 3. Inicialmente, o anexo III só inclúe o Proxecto da Zona de Baixas Emisións Ourense Centro, ao ser a única zona delimitada e prevista na actualidade.

D.5. Modificación da Ordenanza municipal de tráfico e circulación:

Como se indicou, as medidas propostas no proxecto da Zona de Baixas Emisións Ourense Centro, que serve de base e fundamento á regulación contida na ordenanza, inclúen non só o establecemento de restricións de acceso á zona para os vehículos máis contaminantes, senón tamén unha ampliación da zona peonil actualmente existente no ámbito da zona proposta, nos termos xa indicados.

Esta ampliación da zona peonil esixe a modificación da Ordenanza municipal de tráfico e circulación, en canto á delimitación das vías peonís, que se conteñen no anexo I desta ordenanza. Ademais, a regulación do sistema de accesos á zona peonil do casco histórico – contida no anexo II da dita ordenanza – precisaba tamén dunha actualización, ao ser unha regulación concibida para un sistema de control de accesos baseado no emprego de barreiras físicas á circulación de vehículos, sistema que recentemente ten sido substituído por un de control de accesos mediante cámaras de lectura de matrículas. Por outra banda, considerouse oportuno aproveitar o trámite de modificación da Ordenanza de tráfico para incluír algunhas innovacións no seu contido, concretamente a habilitación ao órgano municipal delegado de xestión de tráfico para a delimitación de zonas reservadas de estacionamento en superficie para vehículos de uso compartido en réxime de alugueiro de curta duración, así como para a delimitación de zonas de estacionamento limitado a vehículos de persoas usuarias de centros docentes, sanitarios ou de servizos sociais.

O detalle destas modificacións é o seguinte:

a) Suprímese a distinción entre vías peonís e vías de circulación restrinxida existente na actual Ordenanza de tráfico, ao estimarse que esta distinción resulta innecesaria e confusa (debido a que nas vías peonís tamén se autoriza a circulación de vehículos en determinados supostos e as vías de circulación restrinxida – que eran a maior parte – funcionaban na práctica do mesmo modo que as vías peonís) unificando ambas categorías. En coherencia con esta modificación, unifícase o antigo listado de vías peonís e de circulación restrinxida do anexo I da Ordenanza.

b) Amplíase o listado de vías peonís ás vías lindeiras co casco histórico (rúa da Concordia, Arturo Pérez Serantes, San Francisco e o tramo inicial da avenida Buenos Aires, así como os tramos de Valle – Inclán e Ramón Cabanillas lindeiros coas novas vías peonís) e a zonas do centro moderno



lindeiras ou próximas ao parque de San Lázaro (rúa Parque de San Lázaro entre Concello e Bedoya, tramo inicial de Bedoya ata o cruce con Ramón Cabanillas, rúa Xaquín Lorenzo Xocas, rúa Cardenal Quevedo dende o parque de San Lázaro ata Habana e rúa Valle – Inclán entre Bedoya e Habana) ademais de recoller tamén como peonil a rúa Teluro (sinalizada dende hai anos como viario de acceso restrinxido na contorna da praza peonil de San Antonio).

c) Modifícase a regulación do sistema de autorización de accesos á zona peonil, adaptándoo á supresión do antigo sistema de bolardos e á súa recente substitución por un sistema de control baseado no emprego de cámaras de lectura de matrículas. A regulación dos supostos nos que se permite o acceso e do réxime de autorización é semellante á utilizada para a zona de baixas emisións, se ben cun maior grao de restrición nos supostos de acceso autorizado, como é lóxico ao tratarse dunha zona peonil.

d) En canto á introdución da habilitación ao órgano municipal competente en materia de tráfico para delimitar zonas de estacionamento reservado para vehículos de alugueiro de curta duración na modalidade coñecida como carsharing, esta innovación responde á estratexia de cambio modal no transporte, estimando que introduce unha modalidade de uso de vehículos que resulta máis eficiente que o emprego tradicional do vehículo privado – ao permitir o emprego dun mesmo vehículo por múltiples persoas, e unicamente para os desprazamentos que estas precisen – fomentándose ademais o emprego de vehículos de baixas ou nulas emisións (ao establecerse na ordenanza que estas reservas só poden utilizarse por vehículos con distintivo ambiental ECO ou O). A ordenanza regula estas reservas cun criterio amplo, habilitando diferentes posibilidades para a súa xestión (dende a reserva libre para vehículos desta categoría, de xeito análogo ás actuais reservas para carga e descarga ou taxis, ata a posibilidade de outorgar concesións demaniais a empresas explotadoras de flotas de carsharing) contemplando ademais a posibilidade de gravar cunha taxa o emprego destas zonas de reserva.

e) En canto ás zonas de estacionamento temporal limitado nas inmediacións de centros docentes, sanitarios e de prestación de servizos sociais ou asistenciais, reservadas para ás persoas usuarias destes centros, o obxecto e xustificación destas reservas resulta evidente, sendo, no caso das reservas nas inmediacións de centros docentes, unha das propostas recollidas no PMUS de 2019. Con fin de facilitar o seu uso, non se establece a esixencia dun permiso previo para a súa ocupación, sen prexuízo do control da utilización destas reservas que – ao igual que sucede no caso das zonas reservadas para estacionamento de persoas con mobilidade reducida – deberá levarse a cabo polos axentes de vixilancia do tráfico.

f) A modificación da Ordenanza municipal de tráfico e circulación complétase coa derogación do actual artigo 113 desta ordenanza, que se suprime ao quedar o seu contido – que se actualiza – recollido nas normas de circulación de vehículos do anexo II da citada Ordenanza de tráfico e circulación.

D.6. Supresión do servizo de estacionamento regulado (ORA).

Por último, a través da disposición derogatoria da Ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións procédese a derogar a Ordenanza reguladora do servizo municipal de ordenación e regu-



lación do aparcamento de vehículos vía pública (ORA), quedando suprimido o dito servizo con efectos do 1 de xaneiro de 2026. Os motivos que fundamentan esta decisión expóñense neste apartado.

A actual Ordenanza reguladora do servizo de ordenación e regulación do aparcamento de vehículos na vía pública (ORA) data do ano 1989, sendo o texto vixente do ano 2004, no que se aprobou a última modificación do seu articulado para acoller diversas modificacións no marco da lexislación vixente en materia de tráfico e circulación de vehículos. Esta ordenanza establece no seu artigo 2 a zona ORA da cidade, cun total de trinta (30) vías nas que se implantaría este servizo, á vez que prevía a posibilidade do Concello de modificar as zonas afectadas, aínda que supuxese unha minoración no número de prazas totais. A relación de vías inicialmente previstas na ordenanza incluía as rúas doutor Maraño, avenida de Pontevedra, Xoán XXIII, Progreso, Remedios - Pardo de Cela, Habana, Curros Enríquez, Camiño Caneiro, avenida Buenos Aires, Praza das Mercedes, Arturo Pérez Serantes, Antonio Sáenz Díez, Samuel Eiján, Florentino López Cuevillas, Manuel Pereira, Cardenal Quevedo, San Lázaro, Xaquín Lorenzo “Xocas”, Bedoya, Valle-Inclán, Ramón Cabanillas, As Burgas, Baixada á Praza de Abastos, Tras Alameda, Parada Justel, García Mosquera, Lugo, José Ramón Fernandez-Ojea, Padre Feijoo e Celso Emilio Ferreiro. Tal e como pode apreciarse a simple vista, as rúas nas que este servizo se implantou inicialmente sitúanse principalmente na zona centro da cidade e na súa contorna máis inmediata. Esta zona é unha das que ten experimentado un maior cambio e modernización da súa infraestrutura viaria, especialmente nos últimos tempos, motivo polo que o número de prazas totais dispoñibles para este servizo foise reducindo progresivamente desde esta previsión inicial, nalgúns casos procedendo á súa total supresión nalgúns vías — Curros Enríquez, Dr. Maraño, Samuel Eiján, entre outras —, por diversas causas, entre elas a reconversión dos espazos dedicados a carga e descarga en función da necesidades da contorna e a execución de diversos proxectos de humanización na cidade, que directamente eliminan o estacionamento de vehículos e/ou transforman estes espazos en prazas reservadas para mobilidade reducida, para transporte público ou en espazos libres. O propio aumento de vías peonís previsto na modificación da Ordenanza municipal de tráfico e circulación que se contén na presente ordenanza reducirá aínda máis a superficie reservada para a zona ORA.

Por outra banda, a redución do tráfico de vehículos dentro da zona centro das cidades constitúe un obxectivo central das actuacións en materia de mobilidade sostible conforme ao PMUS de 2019. Nesta liña estratéxica cabe encadrar as accións de humanización dos espazos urbanos (fomentando os espazos accesibles, a creación de zonas peonís e espazos libres e, con carácter xeral, a preferencia dos peóns sobre os vehículos) e igualmente a implantación das zonas de baixas emisións, no marco dunha política de restrición do uso dos vehículos. Neste senso, gran parte da actual zona ORA quedará comprendida dentro da Zona de Baixas Emisións Centro.

A este respecto, a maioría de estudos conclúen que, con carácter xeral, en torno a un 35% do tráfico no casco urbano das cidades corresponde a vehículos que circulan na procura de estacionamento — o denominado tráfico de axitación — sendo este un dos factores destacados que inciden no deterioro da mobilidade urbana e que contribúen notablemente ao aumento da contaminación na contorna.



Tendo en conta o anterior, o mantemento do servizo de regulación e ordenación do estacionamento mediante o sistema ORA resulta contraditorio cos obxectivos indicados, ao contribuír ao incremento da circulación no interior da zona na procura dalgún destes espazos, en lugar de fomentar o uso do transporte público ou dos estacionamento soterrados, restando espazos que coa súa supresión poderán destinar – a curto ou medio prazo – a zonas de carga e descarga, estacións de bicicletas eléctricas, espazos de recarga para vehículos eléctricos, prazas de estacionamento reservadas a persoas con mobilidade reducida ou incluso para ampliar o espazo dedicado a recollida de residuos, coa futura incorporación dos colectores da denominada quinta fracción.

En conclusión, dunha banda a evolución da cidade nos próximos anos reducirá este servizo á mínima expresión, e por outra o seu mantemento constitúe un factor de fomento do uso do vehículo privado contraditorio coa política de mobilidade seguida, que persegue impulsar o cambio modal no tráfico. A estas conclusións cabe engadir que se trata dun servizo deficitario para a facenda municipal. Por todo o exposto, considérase procedente a supresión deste servizo.

E. Xustificación da adecuación do proxecto aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A regulación contida no proxecto estímase axeitada aos principios de necesidade e eficacia (sendo evidente a necesidade da aprobación dunha ordenanza para dar cumprimento á obriga legal do Concello de Ourense de implantar zonas de baixas emisións, imposta pola Lei de cambio climático e transición Ecolóxica) proporcionalidade (limitando as restricións ao tráfico viario ao mínimo imprescindible – vehículos sen etiqueta ambiental – en proporción á boa situación da calidade do aire da cidade de Ourense apreciada no proxecto da ZBE Ourense Centro; e simplificando ao máximo as cargas burocráticas de tramitación dos permisos de acceso e circulación, tanto á zona peonil como ás zonas de baixas emisións) e de seguridade xurídica (ao ser coherente a regulación co resto do ordenamento, procurándose unha redacción clara e comprensible dos seus preceptos).

Con respecto ao principio de transparencia, dáselle cumprimento a través desta exposición de motivos (que explicita os criterios seguidos para a elaboración da ordenanza) así como do proxecto da ZBE Ourense Centro que figura como anexo III e mediante o propio procedemento de aprobación, no que se realizou un trámite información pública de trinta días hábiles da ordenanza inicialmente aprobada polo Pleno. En suma, dáse cumprimento aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O apartado 7 deste artigo 129 prevé que nos casos en que unha iniciativa normativa afecte aos gastos públicos futuros, deberán cuantificarse e valorarse as súas repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. No caso que nos ocupa, estes gastos públicos están cuantificados e valorados no apartado 11 do proxecto da Zona de Baixas Emisións Ourense Centro que figura como anexo III, no que tamén se inclúe a correspondente análise do seu impacto orzamentario e os mecanismos previstos para o financiamento das actuacións de implantación desta primeira zóna de baixas emisións.

A xustificación do cumprimento dos principios de boa regulación contense, cun maior grao de detalle, no proxecto da Zona de Baixas Emisións Ourense Centro que consta como anexo III.



II. Texto articulado da Ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións do Concello de Ourense:

Artigo 1. Obxecto

1. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza a creación e regulación das zonas de baixas emisións do municipio de Ourense, en cumprimento do establecido na Lei de cambio climático e transición enerxética.

2. As zonas de baixas emisións defínense como os ámbitos delimitados polo Concello de Ourense, dentro do termo municipal, de carácter continuo, nos que se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos para mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme á clasificación dos vehículos polo seu nivel de emisións de acordo co establecido no Regulamento xeral de vehículos vixente.

Artigo 2. Delimitación das zonas de baixas emisións do municipio de Ourense. Ámbito de aplicación

1. As zonas de baixas emisións do municipio de Ourense son as delimitadas no anexo I da presente Ordenanza.

2. O establecemento de novas zonas de baixas emisións ou a súa modificación ou supresión levarase a cabo mediante a modificación dos anexos da presente ordenanza, conforme á tramitación prevista no artigo 49 da Lei de bases de réxime local.

3. As zonas de baixas emisións terán vixencia indefinida e contemplarán un calendario de implantación que permita a familiarización e adaptación gradual da cidadanía e dos operadores económicos á súa regulación, e incorporarán, cando menos, o réxime de acceso, circulación e estacionamento previsto no artigo 5 de esta Ordenanza.

4. A presente ordenanza será de aplicación a tódolos vehículos que circulen polo termo municipal, sen máis excepcións que as previstas na propia ordenanza e os seus anexos.

Artigo 3. Proxectos das zonas de baixas emisións

1. En cumprimento do establecido no artigo 10 do Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións, a presente ordenanza inclúe no anexo III o proxecto de cada unha das zonas de baixas emisións establecidas, co contido establecido no anexo I.A do citado Real decreto. De forma complementaria, ademais, os anexos poderán incluír o contido previsto no anexo I.B da norma regulamentaria estatal.

2. Os proxectos das zonas de baixas emisións contidos no anexo III terán carácter informativo ou programático, servindo de fundamento técnico e motivación das determinacións dos anexos I e II da presente ordenanza, na que se integran para os efectos indicados.

3. Os proxectos técnicos das zonas de baixas emisións serán revisados cando menos aos tres anos do seu establecemento e posteriormente, cando menos, cada catro anos, co obxecto de verificar o cumprimento dos seus obxectivos e a eventual necesidade da actualización do seu contido.



A revisión do proxecto reflectirase nun informe do que se dará conta á Xunta de Goberno Local. No caso de que á vista do dito informe se considere necesario proceder á modificación do proxecto e da presente ordenanza, a Xunta de Goberno Local acordará o procedente ao respecto.

Artigo 4. Sinalización das zonas de baixas emisións

1. As zonas de baixas emisións estarán sinalizadas nos puntos de acceso e saída do seu ámbito, mediante a sinalización prevista pola Dirección Xeral de Tráfico.

2. A sinalización indicará se a zona de baixas emisións á que se accede ten carácter temporalmente continuo ou descontinuo, indicando no seu caso os meses, días e horas en que se aplicarán as restricións.

3. A sinalización da zona de baixas emisións indicará tamén os vehículos que, en función do distintivo ambiental do que dispoñan, teñen prohibido, como regra xeral, o acceso, circulación e estacionamento no seu ámbito.

Ademais, na parte inferior do sinal ou nun panel complementario colocado debaixo do sinal, indicaranse os tipos de vehículos que, de acordo co establecido nos Anexos I e II desta Ordenanza, poderán estar exceptuados da prohibición de acceso, circulación e estacionamento se contan coa correspondente autorización municipal. Polo que se refire aos vehículos que carezan do distintivo ambiental que permite o acceso pero poidan estar exceptuados da prohibición xeral, poderá complementarse a información cun enlace, mediante código QR, á páxina web á que se refire o artigo 8.1, na que constará o detalle dos vehículos que poden obter a autorización.

Artigo 5. Réxime de acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións

1. Nas zonas de baixas emisións de Ourense aplicaranse as normas xerais de acceso, circulación e estacionamento de vehículos que se recollen no Anexo II desta Ordenanza, coas especificacións contidas, no seu caso, nas normas especiais establecidas no Anexo I para cada zona específica de baixas emisións

2. Con carácter excepcional e por razóns de interese público, a Alcaldía, mediante resolución motivada poderá autorizar temporalmente o acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións de vehículos distintos ou en supostos diferentes dos previstos nas normas dos anexos I e II.

Artigo 6. Rexistro municipal de vehículos autorizados para acceder, circular e estacionar nas zonas de baixas emisións

1. O Concello de Ourense disporá e xestionará un rexistro informatizado dos vehículos que, conforme ao disposto nas normas dos anexos I e II estarán autorizados a acceder, circular e estacionar nas zonas de baixas emisións.

2. As normas de solicitude e tramitación das autorizacións recóllense nos anexos I e II da presente ordenanza.

3. A xestión do rexistro informatizado axustarase en todo momento ao disposto na normativa reguladora do esquema nacional de seguridade e á lexislación de protección de datos das persoas.



Artigo 7. Sistema de control e protección de datos

1. O control do acceso dos vehículos ás zonas de baixas emisións realizarase mediante sistemas automáticos de lectura de matrículas dos vehículos, a través da plataforma tecnolóxica implantada no centro de control de tráfico da Policía Local.

Sen prexuízo do anterior, o emprego deste sistema automático xestionado por medios telemáticos e informáticos non impedirá a realización de tarefas de control, vixilancia e denuncia a través dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

2. A instalación e uso de cámaras, video - cámaras e de calquera outro medio de captación, reprodución e almacenamento de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico viario efectuarase pola autoridade municipal competente, para os fins previstos na lexislación de tráfico e seguridade viaria e con suxeición ao disposto na normativa de protección de datos.

A instalación e uso das cámaras de lectura de matrículas ou dos dispositivos fixos e móbiles de captación e reprodución de imaxes previstos para o control das zonas de baixas emisións autorizarase mediante resolución do órgano municipal competente en materia de xestión de tráfico e mobilidade, podendo conterse a dita autorización na resolución de aprobación dos correspondentes proxectos de instalación.

Artigo 8. Información sobre as zonas de baixas emisións. Atención á cidadanía na xestión das zonas de baixas emisións

1. Toda a información relativa ás zonas de baixas emisións será obxecto de publicación de forma permanente e actualizada na páxina web do Concello.

2. O Concello habilitará as canles de comunicación cos cidadáns que sexan precisas para a obtención de información e a xestión dos trámites relacionados coas zonas de baixas emisións, garantindo a dispoñibilidade de canles de atención presencial, telefónica e telemática.

3. O Concello realizará campañas de sensibilización e campañas informativas para todos os propietarios de vehículos, con especial atención a aqueles titulares de vehículos con limitacións de acceso á zonas de baixas emisións.

Artigo 9. Réxime sancionador das zonas de baixas emisións. Fundamento legal

1. As infraccións e sancións previstas nesta ordenanza establécense en aplicación do disposto no apartado z3 do artigo 76 do texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado mediante Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, que tipifica como infraccións graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas consistentes en non respectar as restricións de circulación derivadas da aplicación de protocolos ante episodios de contaminación e das zonas de baixas emisións.

Artigo 10. Infraccións e sancións

1. Constituirá infracción grave o non respectar as restricións de acceso, circulación e estacionamento establecidas nas zonas de baixas emisións do municipio de Ourense, e, en particular:

a) O incumprimento da prohibición de acceder, circular ou estacionar dentro da zona de baixas emisións polos vehículos que carezan de autorización de acceso, circulación ou estacionamento



b) O incumprimento das limitacións ou condicións específicas da autorización de acceso, no seu caso.

2. As infraccións tipificadas nesta ordenanza terán a consideración de graves e sancionaranse con multa de 200,00 euros.

3. As sancións establecidas no apartado anterior poderán incrementarse nun 30%, en caso de reincidencia da persoa responsable. Existirá reincidencia cando, no termo dun ano, se cometese máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme en vía administrativa.

4. Será de aplicación ás infraccións e sancións reguladas neste artigo o réxime sancionador previsto no Título V do texto refundido da Lei de tráfico, circulación e seguridade viaria, ou norma legal que a substitúa no futuro.

Artigo 11. Medidas específicas de restrición de tráfico ante episodios de alta contaminación

1. O Concello de Ourense, a través da Alcaldía, aprobará, previos os informes preceptivos das administracións públicas competentes, un protocolo de actuación municipal ante episodios de alta contaminación atmosférica, no que poderán incluírse, entre outras, medidas de restrición temporal do tráfico adicionais ás previstas nas presente ordenanza para as zonas de baixas emisións.

2. A declaración de episodio de alta contaminación por parte da administración competente comportará a activación do indicado protocolo e a adopción das medidas previstas para o efecto.

Disposición adicional: modificación da Ordenanza municipal de tráfico e circulación de vehículos do municipio de Ourense

Modifícanse os seguintes contidos da Ordenanza municipal de tráfico e circulación de vehículos do municipio de Ourense (publicada no BOP do 7 de outubro de 2010, e modificada en 2014 no seu anexo II) nos termos que se indican:

1º) Modifícase o apartado 4 do artigo 5, que queda redactado nos seguintes termos:

4. Viario peonil, dedicado exclusivamente ao tráfico de peóns, podendo autorizarse o acceso de vehículos de persoas residentes ou titulares ou usuarias de inmobles, vehículos de persoas con mobilidade reducida, vehículos de distribución de mercadorías, vehículos de servizo público, vehículos de servizos esenciais á comunidade, vehículos que presten servizos necesarios aos residentes e aos establecementos profesionais, mercantís e de servizos da zona peonil e vehículos cuxo acceso sexa necesario para a realización de obras ou instalacións debidamente autorizadas.

2º) Suprímese o apartado 5 do artigo 5.

3º) Modifícase o anexo I, nos seguintes aspectos:

a) A listaxe de vías de circulación restrinxida e vías peonís queda unificada, en coherencia coa modificación do apartado 4 e a supresión do apartado 5 do artigo 5 da Ordenanza.

b) Engádense á listaxe de vías peonís as seguintes:

Rúa da Concordia

Avenida Buenos Aires (dende Concordia ata Bedoya),

Rúa Ramón Cabanillas (entre Bedoya e a Avenida Buenos Aires)

Rúa San Francisco



Rúa Arturo Pérez Serantes

Rúa Valle Inclán (dende Avenida Buenas Aires ata a rúa Habana)

Rúa Parque de San Lázaro (entre rúa Concello e rúa Bedoya)

Rúa Bedoya (ata o cruce con Ramón Cabanillas)

Rúa Xoaquín Lorenzo Xocas

Rúa Cardenal Quevedo (dende o parque de San Lázaro ata Habana)

Rúa Teluro.

4º) Engádese un artigo 85 bis, co seguinte contido:

“Artigo 85 bis

1. A concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade poderá establecer zonas de estacionamento reservado a vehículos de uso compartido en réxime de alugueiro sen condutor, na modalidade coñecida como carsharing. Os ditos vehículos poderán permanecer estacionados nas ditas zonas durante un máximo dun día hábil.

Para estes efectos, entenderanse que son vehículos de uso compartido os destinados ao alugueiro sen condutor dedicado ao seu uso concatenado e intensivo por un número indeterminado de usuarios dentro dunha zona de servizo delimitada, estando dispoñibles en calquera momento para ser utilizados mediante o emprego de aplicacións móbiles, conforme ao establecido na Instrución 20/V-140 da Dirección Xeral de Tráfico, e que ademais se atopen inscritos como tales no Rexistro de Vehículos, contén co distintivo V-26 previsto no anexo XI do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro e dispoñan do distintivo ambiental ECO ou 0.

Non se considerarán incluídos nesta definición os vehículos destinados ao alugueiro sen condutor que non se dediquen exclusivamente a esta modalidade de alugueiro.

Estas reservas de estacionamento terán carácter gratuíto, e serán de uso libre para os vehículos inscritos nesta categoría no Rexistro de Vehículos.

2. Mediante ordenanza fiscal poderá establecerse unha taxa por ocupación da vía pública pola utilización destas zonas de estacionamento reservado por estes vehículos. Nestes casos, a ordenanza fiscal regulará o réxime de pagamento da taxa.

3. O establecemento das reservas de estacionamento previstas neste artigo en ningún caso poderá implicar a redución de prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida nas vías ás que afecte.

4. Para o debido control dos tempos de estacionamento destes vehículos, as empresas interesadas deberán facilitar ao Concello, mediante medios informáticos ou telemáticos, os datos de xeolocalización dos vehículos que correspondan aos estacionamentos nas zonas reservadas, ben sexa en tempo real ou ben coa periodicidade que se estableza por resolución da concellería – delegada. O control dos tempos máximos de estacionamento poderá tamén realizarse mediante outros sistemas que estableza a concellería – delegada en materia de tráfico e mobilidade.

5. Sen prexuízo do anterior, a concellería – delegada de tráfico e mobilidade, de oficio ou a instancia de parte interesada, poderá outorgar concesións demaniais de zonas de estacionamento reservado para este tipo de vehículos, previa a tramitación do procedemento legalmente aplicable.



6. As resolucións de delimitación destas zonas de estacionamento reservado deberán ser obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

5º) Engádese un artigo 85 ter co seguinte contido:

“Artigo 85 ter. Zonas de estacionamento limitado nas inmediacións de centros docentes, sanitarios e de prestación de servizos sociais e asistenciais

A concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade poderá establecer zonas de estacionamento limitado nas inmediacións de centros docentes, sanitarios e de prestación de servizos sociais ou asistenciais, reservando estas zonas para estacionamentos de curta duración de vehículos que transporten a persoas usuarias dos ditos centros.

A resolución de establecemento das zonas de estacionamento limitado determinará os días e horas nos que é de aplicación a reserva e o período máximo de estacionamento permitido.

A utilización destas zonas non requirirá autorización previa, pero o seu uso indebido, excedendo o tempo máximo establecido ou para finalidades diferentes ás previstas neste artigo, será obxecto de sanción conforme á lexislación de tráfico vixente.

6º) Engádese un apartado 17 e 18 ao artigo 84, quedando redactado como segue:

“17. Nas zonas reservadas para estacionamento de vehículos compartidos en réxime de alugueiro na modalidade de car – sharing, agás os vehículos con distintivo ambiental ECO ou 0 que consten inscritos nesta categoría no Rexistro de Vehículos e leven o distintivo V -26, que en todo caso non poderán estacionarse durante máis dun día hábil.

No suposto de que o uso destas zonas reservadas se realice en réxime de concesión demanial, só poderán estacionar os vehículos de car – sharing das empresas autorizadas polo título concesional.

18. Nas zonas reservadas para estacionamento limitado nas inmediacións de centros docentes, sanitarios e de prestación de servizos sociais ou asistenciais de vehículos que transporten a persoas usuarias dos ditos centros, cando se estacionen para finalidades diferentes as previstas no artigo 85 ter ou se exceda o tempo máximo permitido na resolución que estableza a reserva”.

7º) Modifícase o anexo II da Ordenanza de tráfico e circulación de vehículos, ao que se da a seguinte redacción:

“Anexo II: Réxime de acceso e circulación de vehículos en vías peonís do municipio de Ourense

Artigo 1. Ámbito de aplicación

As normas contidas no presente anexo serán de aplicación nas vías peonís definidas no anexo I da presente Ordenanza.

Artigo 2. Xestión e control da aplicación do réxime especial de acceso e circulación de vehículos en vías peonís

A xestión da aplicación do réxime especial de acceso e circulación de vehículos en vías peonís corresponderá ao órgano municipal competente en materia de tráfico e mobilidade, conforme ao



previsto na lexislación de réxime local e aos acordos de delegación do exercicio de atribucións que poidan adoptarse.

O a vixilancia e control do cumprimento das normas de circulación e acceso en vías peonís corresponderá a Policía Local de Ourense.

Artigo 3. Sinalización

Os puntos de acceso ás vías peonís estarán debidamente sinalizados, mediante a sinalización especificamente prevista pola Dirección Xeral de Tráfico.

Artigo 4. Normas xerais de circulación nas vías peonís

Nas vías peonís observaranse as seguintes normas de circulación:

1. A circulación de vehículos a motor limitarase aos autorizados neste anexo.
2. A circulación de bicicletas, ciclos ou vehículos de mobilidade persoal poderá realizarse seguindo os itinerarios sinalizados de forma específica para estes vehículos ou, no seu defecto, exclusivamente pola zona central da vía, sen invadir en ningún caso os itinerarios peonís accesibles.
3. En todo caso, a velocidade máxima de circulación de calquera vehículo será de 20 quilómetros por hora, agás no caso das bicicletas, ciclos e vehículos de mobilidade persoal, cuxa velocidade máxima de circulación será de 10 quilómetros por hora, adecuándoa en todo momento á maior ou menor presenza de peóns. No caso de que a densidade de circulación de peóns non permita manter a distancia de seguridade mínima dun metro ao superar ou cruzarse cun peón, os condutores de bicicletas, ciclos e vehículos de mobilidade persoal deberán desmontar destes e continuar o seu traxecto a pé, ata que as condicións do tráfico de peóns permitan o respecto da distancia de seguridade.
3. Os condutores dos vehículos autorizados deben conceder en todo momento prioridade de paso aos peóns e bicicletas. Ademais, deberán manter unha distancia de seguridade dun metro ao superar ou cruzarse cun peón, e en ningún caso poderán realizar manobras negligentes ou temerarias, que poidan afectar á seguridade dos peóns.

4. Os peóns poden utilizar toda a zona de circulación.

5. O acceso de vehículos de máis de 5.500 kg. de peso máximo autorizado suxeitarase ao previsto nos artigos 6 e 7 da Ordenanza de tráfico e circulación, sen prexuízo dos requisitos adicionais establecidos no presente anexo.

Artigo 5. Sentidos circulatorios

Os itinerarios de acceso, circulación e saída das vías peonís, de obrigado cumprimento para toda clase de vehículos, serán establecidos por resolución da concellería – delegada de tráfico e mobilidade, sinalizándose conforme á normativa vixente. Eses itinerarios recolleranse nun gráfico informativo que será obxecto de publicación na páxina web do Concello.

Artigo 6. Vehículos con dereito de acceso ás zonas peonís sen necesidade de autorización previa

Terán dereito de acceso e circulación libre ás vías peonís os seguintes vehículos:

A) Os ciclos, bicicletas e vehículos de mobilidade persoal.



B) Vehículos propiedade de persoas residentes na zona peonil. Para estes efectos, consideraranse residentes as persoas empadroadas nun domicilio situado nunha vía peonil das previstas no anexo I.

C) Vehículos posuídos polas persoas residentes na zona peonil, en réxime diferente ao de propiedade, cando as persoas residentes estean rexistradas como condutores habituais no Rexistro da Xefatura Central de Tráfico.

D) Vehículos propiedade de persoas titulares de prazas de garaxe na zona peonil, ou vehículos posuídos por estas mesmas persoas en réxime diferente ao da propiedade, cando os titulares das prazas de estacionamento consten como condutores habituais dos vehículos no Rexistro de Vehículos da Xefatura Central de Tráfico.

E) Vehículos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, do Ministerio de Defensa, dos servizos de prevención e extinción de incendios, protección civil, ambulancias, servizos médicos, servizos funerarios, taxis e autoturismos, vehículos de unidades móbiles de radio e televisión e vehículos de auxilio en vías públicas, cando estean clasificados para estes servizos no permiso de circulación conforme ao anexo II do Regulamento xeral de vehículos, exclusivamente cando sexa necesario para a realización das funcións para as que estean clasificados.

F) Vehículos adscritos aos servizos municipais do Concello de Ourense, incluídos os vehículos de empresas contratadas polo Concello para a prestación destes servizos, exclusivamente para a prestación do servizo público. Mediante resolución da concellería – delegada de tráfico e mobilidade poderá limitarse o horario de acceso destes vehículos ao tempo imprescindible para a realización das súas funcións de servizo público.

G) Vehículos que accedan aos inmobles destinados a estacionamento públicos – tanto se son de titularidade pública como privada - emprazados dentro da zona peonil. Para estes efectos, as empresas xestoras dos estacionamento deberán remitir ao Concello, de forma telemática, un ficheiro cos datos de entrada e saída dos vehículos identificados por matrícula, nos termos e coa periodicidade que se estableza mediante resolución da concellería delegada de tráfico e mobilidade. A entrada no estacionamento público deberá realizarse nun período máximo de 15 minutos desde o acceso á zona peonil, e a saída desta zona deberá realizarse nun período máximo de 15 minutos dende a saída do estacionamento. No caso de infrinxirse estes prazos máximos, agás causa de forza maior, incorrerase en infracción das normas de acceso e circulación á zona peonil, sendo obxecto de sanción conforme ao previsto na presente ordenanza.

H) Vehículos de carga e descarga de mercadorías, dentro dos horarios permitidos pola Ordenanza municipal de tráfico e circulación.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese por vehículo de carga e descarga o destinado á actividade empresarial de entrega de mercadorías a establecementos mercantís, implicando normalmente entregas de gran volume e podendo empregar camiós para a súa entrega.

Inclúense neste apartado os vehículos de subministración de combustible a inmobles situados nas zonas de baixas emisións.



Os vehículos destinados á carga e descarga de mercadorías poderán acceder libremente ás zonas peonís exclusivamente durante o horario de carga e descarga establecido; fóra deste horario precisarán de autorización conforme ao previsto no artigo 7.

Os horarios de carga e descarga na zona peonil son as seguintes:

a) En horario de mañá, de luns a venres (agás festivos):

Entrada: de 7:30 a 11:00 horas.

Saída: de 7:30 a 11:30 horas.

b) En horario de tarde, exclusivamente de luns a venres (agás festivos):

Entrada: de 15:00 a 17:00 horas.

Saída: de 15:30 a 17:30 horas

c) Sábados, agás festivos, exclusivamente en horario de mañá:

Entrada: de 7:30 a 11:00 horas.

Saída: de 7:30 a 11:30 horas.

Sen prexuízo do establecido no presente artigo, o acceso de vehículos de carga e descarga de máis de 5.500 kg de P.M.A. precisará en todo caso de autorización previa.

l) Vehículos de persoas con mobilidade reducida que dispoñan da correspondente tarxeta de estacionamento expedida polo Concello de Ourense, durante o período de vixencia da dita tarxeta.

Artigo 7. Vehículos que poden acceder ás zonas peonís previa autorización municipal

Poderán obter autorización de acceso e circulación nas zonas peonís os vehículos non incluídos no artigo 6 que se atopen nos seguintes supostos:

A) Vehículos de persoas residentes na zona peonil que se posúan en réxime diferente ao da propiedade e para os que as persoas residentes non figuren como condutores habituais no Rexistro de Vehículos da Xefatura Central de Tráfico. Para estes efectos, consideraranse residentes as persoas empadroadas nun domicilio situado na zona peonil.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) No caso de que o vehículo se posúa en réxime de arrendamento financeiro mediante renting ou leasing, copia do correspondente contrato.

3) No caso de que o vehículo se posúa en réxime de retribución en especie, certificado do representante legal da empresa titular do vehículo que declare a súa posta a disposición do residente en concepto de retribución en especie.

4) No caso de vehículos temporais en réxime de alugueiro a curto prazo conforme á Orden INT/3215/2010 de 3 de decembro, por tempo non superior a tres meses nun período de doce meses consecutivos, copia do contrato de arrendamento.



5) No caso de vehículos de substitución cedidos por talleres de reparación ou compañías de seguros, certificado expedido pola empresa cedente acreditativo da cesión. Nestes casos, ademais, a solicitude poderá ser tramitada pola entidade cedente do vehículo.

As autorizacións que se concedan conforme a este apartado limitarán a súa vixencia á do título que ampara a posesión do vehículo, debendo ser renovadas no caso de prórroga da dita vixencia, mediante a formulación dunha nova solicitude achegando a documentación indicada.

B) Vehículos de persoas titulares de prazas de garaxe na zona peonil, cando os vehículos non sexan propiedade destas persoas e os titulares das prazas de estacionamento non consten como condutores habituais dos vehículos no Rexistro de Vehículos da Xefatura Central de Tráfico.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) No caso de que o vehículo se posúa en réxime de arrendamento, arrendamento financeiro mediante renting ou leasing, copia do correspondente contrato.

3) No caso de que o vehículo se posúa en réxime de retribución en especie, certificado do representante legal da empresa titular do vehículo que declare a súa posta a disposición do residente en concepto de retribución en especie.

4) No caso de vehículos temporais en réxime de alugueiro a curto prazo conforme á Orden INT/3215/2010 de 3 de decembro, por tempo non superior a tres meses nun período de doce meses consecutivos, copia do contrato de arrendamento.

5) No caso de vehículos de substitución cedidos por talleres de reparación ou compañías de seguros, certificado expedido pola empresa cedente acreditativo da cesión. Nestes casos, ademais, a solicitude poderá ser tramitada pola entidade cedente do vehículo.

As autorizacións que se concedan conforme a este apartado limitarán a súa vixencia á do título que ampara a posesión do vehículo, debendo ser renovadas no caso de prórroga da dita vixencia, mediante a formulación dunha nova solicitude achegando a documentación indicada.

C) Vehículos de persoas que posúan prazas de garaxe na zona peonil en réxime diferente ao da propiedade.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) No caso de que a praza de garaxe se posúa en réxime de arrendamento, usufruto ou calquera outro título diferente á propiedade, copia do contrato ou título xurídico correspondente que ampare o seu uso. Nestes casos, a autorización estará limitada á vixencia da situación de titularidade do dereito de uso do inmovible.

3) No caso de que, ademais, o vehículo non sexa de titularidade do solicitante ou este non conste como condutor habitual no Rexistro da Xefatura Central de Tráfico, deberá achegarse a documentación prevista nos apartados 2, 3 ou 4 do apartado B), segundo proceda.



As autorizacións que se concedan conforme a este apartado limitarán a súa vixencia á do título que ampara a posesión da praza de garaxe ou, no seu caso, do vehículo, debendo ser renovadas no caso de prórroga da dita vixencia, mediante a formulación dunha nova solicitude achegando a documentación indicada.

D) Vehículos para prestación de servizos públicos non municipais que non estean incluídos nos supostos do apartado E do artigo 6, exclusivamente para a prestación do dito servizo. A autorización solicitarse pola entidade xestora do servizo público, mediante a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) No caso de servizos prestados en réxime de xestión indirecta, copia da resolución administrativa ou título xurídico que ampara a prestación do servizo.

A vixencia destas autorizacións limitarase ao período de vixencia do contrato, convenio ou encomenda da xestión do servizo. A concellería – delegada de tráfico e mobilidade poderá limitar o horario de acceso destes vehículos ao tempo imprescindible para a realización das súas funcións de servizo público.

E) Vehículos de pais, nais, titores ou gardadores de feito de persoas menores de idade escolarizadas en centros docentes situados na zona peonil.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) Acreditación documental de que a persoa menor de idade atópase matriculada no centro escolar.

3) No caso de gardadores de feito, autorización dun dos proxenitores ou titores para a realización do servizo de transporte do menor.

Estas autorizacións limitaranse aos días lectivos, dentro das franxas horarias de entrada e saída e exclusivamente para as vías que estableza a concellería – delegada de tráfico e mobilidade, podendo limitarse a vías próximas ás do emprazamento do centro naqueles casos en que polas características destas últimas o acceso dun alto número de vehículos se estime prexudicial para a ordenación do tránsito na vía de que se trate.

As autorizacións manterán a súa vixencia ata a maioría de idade dos menores para cuxo transporte se conceden, sempre que se manteña a matrícula no centro escolar. Para estes efectos, o Concello poderá, de oficio, solicitar dos centros escolares a confirmación desta circunstancia.

As autorizacións poderán ampliarse, de forma excepcional, a horas e datas específicas para a recollida dos menores, mediante comunicación previa do condutor autorizado. No caso de que

a persoa que vaia recoller ao menor non sexa a que figura como condutor autorizado, deberá solicitarse a oportuna autorización, previa solicitude que poderá presentarse no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da data de recollida, conforme ao disposto no artigo 8.



F) Vehículos de persoas físicas ou xurídicas que presten servizos a persoas dependentes, persoas con discapacidade, persoas maiores de sesenta e cinco anos ou persoas menores de doce anos empadroadas nas zonas peonís.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

- 1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.
- 2) Copia do contrato laboral ou mercantil correspondente á prestación de servizos
- 3) No suposto de servizos prestados por empresas, identificación dos traballadores que prestarán o servizo e copia dos contratos laborais correspondentes.
- 4) No caso de vehículos que presten servizo a persoas dependentes ou con discapacidade, certificado acreditativo desta circunstancia, expedido pola autoridade competente.
- 5) Xustificación da necesidade de acceso á zona peonil para a prestación do servizo de que se trate.

Estas autorizacións limitaranse aos días e horarios nos que sexa necesaria para a prestación dos servizos.

As autorizacións manterán a súa vixencia en tanto subsista a relación de prestación de servizos que a xustifica. Para estes efectos, o Concello poderá, de oficio, solicitar dos beneficiarios a confirmación desta circunstancia.

G) Vehículos de reparto a domicilio, para a prestación do servizo a domicilios situados nas zonas peonís.

Para os efectos da presente ordenanza, enténdese por vehículos de servizo de reparto a domicilio os dedicados á actividade empresarial de entrega de mercadorías a domicilios de persoas físicas ou, excepcionalmente, de persoas xurídicas, para a entrega de artigos concretos, empregando vehículos de pequeno tamaño (bicicletas, vehículos de mobilidade persoal, ciclomotores ou, como máximo, furgonetas de reparto) excluíndose en todo caso o reparto a domicilio mediante camións.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

- 1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade. Nesta solicitude indicárase o número de expediente correspondente á licenza, declaración responsable ou comunicación previa que ampare o uso do establecemento dende o que se presta o servizo de reparto, para a comprobación de oficio dos datos da persoa titular. No caso de tratarse de establecementos situados fóra do termo municipal de Ourense, deberá achegarse o correspondente título habilitante.

- 2) Copia do contrato laboral ou mercantil correspondente ás persoas usuarias dos vehículos de reparto.

Estas autorizacións poderán limitarse aos horarios máximos que poida establecer a concellería – delegada, de forma motivada.

H) Vehículos de persoas que vaian pernoitar en establecementos hoteleiros situados nas zonas peonís. Para estes efectos, considéranse establecementos hoteleiros os apartamentos turísticos legalmente autorizados.



A solicitude de autorización nestes casos debe realizarse exclusivamente pola empresa titular do establecemento hoteleiro, indicando os datos das matrículas dos vehículos e as datas e horarios para as que se solicita autorización.

No caso de que o establecemento dispoña de prazas de estacionamento para os seus clientes, estas autorizacións limitaranse ao período comprendido entre as datas de entrada e saída no establecemento.

No caso de que o establecemento non dispoña de prazas de estacionamento para os seus clientes, as autorizacións limitaranse a permitir o acceso e a saída da zona peonil para a realización de operacións de carga e descarga exclusivamente nas datas de entrada e saída do establecemento.

I) Vehículos de empresas de servizos de seguridade privada, incluídos os vehículos de transporte de caudais, para a prestación dos seus servizos na zona peonil.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) Copia da autorización para a prestación do servizo de seguridade privada de que se trate.

3) Copia do contrato para a prestación dos servizos que esixen a entrada na zona peonil.

Estas autorizacións limitaranse ao horario preciso para a prestación dos servizos que as xustifican.

J) Vehículos vinculados á execución de obras na zona peonil:

A solicitude deberá formularse pola empresa titular da licenza ou título urbanístico habilitante para a execución da obra, mediante modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade. Nesta solicitude indicárase o número de expediente correspondente á licenza, declaración responsable ou comunicación previa que ampare o uso do establecemento, para a comprobación de oficio dos datos da persoa titular e da existencia do dito título habilitante.

K) Vehículos que realicen traballos de reparación ou mantemento de infraestruturas ou instalacións na zona de baixas emisións.

A solicitude deberá formularse pola empresa que realice os traballos ou servizos, mediante modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade, debendo achegarse documentación xustificativa da necesidade do acceso. Estas autorizacións terán vixencia indefinida en tanto se manteña a actividade de prestación deste servizo pola empresa.

L) Vehículos que presten servizo de mudanzas. A solicitude deberá formularse pola empresa interesada, mediante modelo normalizado que establecerá a concellería – delegada en materia de tráfico e mobilidade. Estas autorizacións terán vixencia indefinida en tanto se manteña a actividade de prestación deste servizo pola empresa.

LL) Vehículos históricos

Os vehículos declarados históricos e que consten como tales no Rexistro de Vehículos poderán obter autorización de acceso e circulación nas zonas peonís para os seguintes usos:



- a) Para o seu uso ou exposición estática ou con fins publicitarios
- b) Para a realización de rodaxes e actividades cinematográficas ou audiovisuais
- c) Para a súa participación en desfiles ou actividades recreativas que esixan o paso pola zona peonil.

As solicitudes formularanse en modelo normalizado establecido pola concellería delegada de tráfico e circulación, achegando a documentación acreditativa da circunstancia que motiva a petición de autorización.

M) Vehículos de propietarios de vivendas ou de titulares mediante calquera título de establecementos comerciais, profesionais ou de servizos que, en ambos casos, non dispoñan de prazas de garaxe na zona peonil: nestes casos poderán concederse autorizacións de carácter temporal para a realización de operacións de carga e descarga.

A solicitude formularase en modelo normalizado, achegando a seguinte documentación:

a) No caso de titulares de establecementos comerciais, profesionais ou de servizos, indicárase o número de expediente correspondente á licenza, declaración responsable ou comunicación previa que ampare o uso do establecemento, para a comprobación de oficio dos datos da persoa titular e da existencia do dito título habilitante.

b) En todos os casos, xustificación da necesidade de acceso á zona peonil e determinación das datas e horarios nas que se realizará.

Agás causa xustificada, a autorización concederáse dentro dos horarios de carga e descarga de mercadorías.

N) Vehículos de persoas con mobilidade reducida que dispoñan de tarxeta de estacionamento outorgada por entidades locais diferentes ao Concello de Ourense. A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) Copia da tarxeta de estacionamento.

A validez da autorización estará limitada á da vixencia da tarxeta.

Ñ) Vehículos cuxo acceso á zona peonil sexa necesario para a participación en cerimonias civís ou relixiosas, ou en eventos culturais, sociais ou deportivos. Estas autorizacións terán carácter temporal e limitaranse ás datas e horarios dos eventos aos que responden e ás zonas de acceso e saída que se establezan na resolución. A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) Descrición do evento e xustificación da necesidade de acceso dos vehículos.

O) Con carácter excepcional e por razóns de interese público, a Alcaldía, mediante resolución motivada poderá autorizar temporalmente o acceso á zona peonil de vehículos en supostos diferentes aos previstos no presente artigo.



Artigo 8. Normas de tramitación e concesión das autorizacións de acceso e circulación nas zonas peonís

1. As solicitudes de autorización de acceso e circulación nas zonas peonís serán tramitadas e resoltas polo órgano delegado en materia de tráfico e mobilidade que estableza a Xunta de Goberno Local.

2. O prazo máximo de resolución e notificación das solicitudes será dun mes contado dende a recepción completa da solicitude no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido ese prazo sen que se teña ditado e notificado a correspondente resolución, a solicitude entenderase estimada por silencio.

3. As autorizacións poderán solicitarse ata o quinto día hábil posterior ao primeiro acceso efectuado á zona peonil, concedéndose neste caso con carácter retroactivo e con efectos do día natural do primeiro acceso para o que se solicita a autorización. Na súa virtude, os posibles expedientes sancionadores tramitados polo acceso e circulación á zona no período de eficacia retroactiva da autorización quedarán sen efecto e serán archivados de oficio.

4. O Concello de Ourense poderá, en calquera momento da vixencia das autorizacións, comprobar a realidade e o mantemento das circunstancias, condicións ou requisitos determinantes do outorgamento da autorización, podendo requirir da persoa interesada, de terceiras persoas ou das administracións públicas a documentación adicional que, de forma motivada, se estime precisa, así como realizar as comprobacións ou verificacións que sexan necesarias.

A constatación do incumprimento das circunstancias, condicións ou requisitos determinantes do outorgamento da autorización darán lugar á súa caducidade, que será declarada polo órgano competente para a súa concesión mediante expediente contradictorio con audiencia da persoa interesada. O órgano competente para declarar a caducidade da autorización poderá acordar, no acto de incoación do procedemento ou durante a súa tramitación, a súa suspensión cautelar, que terá efectos a partir do día seguinte ao da recepción notificación pola persoa interesada ou a partir do día seguinte a aquel no que, conforme á lexislación do procedemento administrativo común, se teña por realizado o trámite de notificación.

5. As autorizacións con limitación temporal caducarán de forma automática polo vencemento do seu prazo de vixencia, sen necesidade de resolución, notificación ou comunicación por parte do Concello.

6. As autorizacións de acceso e circulación de vehículos que correspondan a actividades promovidas ou xestionadas polo Concello de Ourense tramitaranse de oficio.

7. En todos aqueles supostos nos que se requira a obtención dunha autorización ou concesión de ocupación da vía pública para o estacionamento de vehículos nas zonas peonís, a autorización de acceso e circulación á zona tramitarase conxuntamente coa autorización de ocupación da vía pública nun único procedemento, que será resolto polo órgano competente en materia de tráfico e mobilidade.

Artigo 9. Normas de estacionamento nas zonas peonís

Os vehículos autorizados a acceder ás zonas peonís unicamente poderán estacionar na vía pública durante un tempo máximo de 20 minutos, coas seguintes excepcións:



a) Vehículos destinados á atención de emerxencias, que poderán estacionar durante o tempo necesario para a súa atención.

b) Vehículos destinados á prestación de servizos públicos ou esenciais para a comunidade, mentres dure a situación que provocara a intervención ou a realización da actividade de servizo público ou esencial de que se trate.

c) Vehículos destinados á execución de obras civís, durante o tempo necesario para a execución das obras.

d) Vehículos de carga e descarga de mercadorías, que poderán estacionar nos horarios establecidos.

e) Vehículos de persoas con mobilidade reducida, cando estacionen en zonas reservadas para o estacionamento deste tipo de vehículos.

En todo caso, o estacionamento deberá realizarse en lugares nos que non se obstaculice o paso de peóns e vehículos, e durante o tempo mínimo imprescindible.

Artigo 10. Réxime sancionador

As persoas que circulen polas zonas peonís deberán en todo momento cumprir as prescricións establecidas na lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos motor e seguridade viaria.

Tipifícanse como infraccións administrativas, ao abeiro do establecido no artigo 140.1.a) da Lei de bases de réxime local, as seguintes condutas:

1) Infraccións moi graves:

a) A falsificación das autorizacións reguladas no presente anexo II.

b) A alteración ou manipulación dos documentos requiridos para a concesión das autorizacións reguladas no presente anexo II.

c) A comisión dunha segunda (ou sucesivas a partir da segunda) infracción grave no termo dun ano, da mesma natureza que a primeira, cando esta última tivese carácter firme.

2. Infraccións graves:

a) A utilización indebida ou para fins distintos dos autorizados de calquera autorización concedida e regulado no presente anexo II.

b) A comisión dunha segunda infracción leve no termo dun ano, da mesma natureza que a primeira, cando esta última tivese carácter firme.

3. Infraccións leves:

a) O acceso á área peonil sen autorización ou con esta caducada.

Para o resto de infraccións aplicarase a lexislación vixente en materia de tráfico circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 100 €, as graves con multa de 101 € a 200 €, e as moi graves de 201 € a 500 €.



Con independencia das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, a comisión das condutas cualificadas como infraccións será sancionada coa retirada da autorización por un período de ata seis meses no suposto de infraccións leves e de ata un ano no suposto das cualificadas como graves e moi graves, chegando a ser esta retirada definitiva no caso de falsificación da autorización concedida.

A responsabilidade das infraccións ao disposto na presente Ordenanza, recaerá directamente no autor ou autores da acción ou omisión en que consista a infracción, mesmo cando se cometese a título de simple inobservancia.

Así mesmo será responsable, e en consecuencia obxecto de sanción, o titular do vehículo autorizado, polo seu uso indebido que un terceiro puidese realizar.

Cando o cumprimento dos deberes e obrigas previstos nesta norma incumba conxuntamente a varias persoas, estas responderán solidariamente das infraccións que se cometan e as sancións que no seu caso se impoñan.

Disposición transitoria.

As autorizacións actuais de acceso a zona peonil concedidas con anterioridade á entrada en vigor da modificación do anexo II da presente Ordenanza municipal de tráfico e circulación introducida pola disposición adicional da Ordenanza municipal reguladora das zonas de baixas emisións, conservarán a súa validez, non sendo necesario proceder á súa nova solicitude, agás nos casos en que estas autorizacións infrinxisen a nova regulación, suposto no que a autorización conservará a súa validez ata que sexa obxecto de declaración de caducidade polo Concello, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado. Os procedementos de declaración de caducidade das autorizacións anteriores deberán iniciarse de oficio polo Concello no prazo máximo dun ano dende a entrada en vigor da indicada modificación do anexo II”.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Esta ordenanza entrará en vigor, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei de bases de réxime local, conforme ao seguinte calendario:

1. Con carácter xeral, o 26 de decembro de 2025, agás nos casos específicos que se indican a continuación. En consecuencia, entrarán en vigor o 26 de decembro as normas de circulación, acceso e estacionamento de vehículos na fase 1 da Zona de Baixas Emisións Ourense Centro (que comprende o espazo interior do polígono definido polas rúas Habana, Emilia Pardo Bazán, Pena Trevinca, Coruña, Progreso, Xoán XXIII, Concello, Parque de San Lázaro (tramo entre Concello e Curros Enríquez) e Curros Enríquez (ata a rúa Habana), excluindo en todo caso as vías citadas). Igualmente, entrará en vigor o 26 de decembro de 2025 a modificación da Ordenanza municipal de tráfico e circulación, incluíndo a ampliación da actual zona peonil, a actualización das normas de acceso, circulación e estacionamento na dita zona peonil e o réxime sancionador por infracción das ditas normas.

Exclúese da entrada en vigor nesta data o réxime sancionador por infracción das normas de acceso, circulación e acceso á fase I da ZBE Ourense Centro, polo que non se impoñerán sancións



pola infracción destas normas ata o 1 de xullo de 2026 – conforme ao establecido no apartado 3 da presente disposición – sen prexuízo de que durante este período se remitan avisos de carácter informativo ás persoas que as incumpran. Esta exclusión non afecta á ampliación da zona peonil, na que o réxime sancionador por infracción das normas de acceso, circulación e estacionamento será de aplicación dende o 26 de decembro de 2025.

2. A derogación da Ordenanza municipal reguladora do servizo municipal de ordenación e regulación do aparcamento de vehículos na vía pública (ORA), e a conseguinte supresión do dito servizo, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2026

3. O réxime sancionador por infracción das normas de acceso, circulación e estacionamento na fase 1 da Zona de Baixas Emisións Ourense Centro entrará en vigor o 1 de xullo de 2026.

4. As normas de acceso, circulación e estacionamento (incluíndo o réxime sancionador) da fase 2 da Zona de Baixas Emisións Ourense Centro entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2029. Estas normas afectan ao acceso, circulación e estacionamento de vehículos nas rúas Concello, Xoán XXIII, Parque de San Lázaro (tramo entre Concello e Curros Enríquez) e Curros Enríquez (ata a rúa Habana).

Disposición Derrogatoria

1. Con efecto do 1 de xaneiro de 2026, queda derogada a Ordenanza municipal reguladora do servizo municipal de ordenación e regulación do aparcamento de vehículos na vía pública (ORA), quedando suprimido o dito servizo.

2. Con efecto da entrada en vigor desta ordenanza, queda derogado o artigo 113 da Ordenanza municipal de tráfico e circulación.

3. Con efecto da entrada en vigor desta ordenanza, quedan derogadas as disposicións municipais do Concello de Ourense que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co establecido na presente ordenanza.

ANEXO I

ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN DO MUNICIPIO DE OURENSE: DELIMITACIÓN E DETERMINACIÓN XERAIS

I.1: ZONA DE BAIXAS EMISIÓN CENTRO

Denominación: Zona de baixas emisións (ZBE) Centro Ourense.

Delimitación: Os límites da ZBE Centro Ourense son os definidos polas rúas Habana, Emilia Pardo Bazán, Pena Trevinca, Coruña, Progreso e praza de Concepción Arenal. Estas rúas non forman parte da zona de baixas emisións, quedando integrado o seu ámbito polo espazo interior do polígono definido por estas vías.

Tempo de aplicación: Continuo (todos os días do ano, as vinte e catro horas do día).

Entrada en vigor: establécense dúas fases para a entrada en vigor por zonas das restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos no ámbito da zona de baixas emisións.



Na primeira fase as restricións de acceso, circulación e estacionamento entrarán en vigor o 26 de decembro de 2025 exclusivamente para as vías comprendidas dentro dos límites definidos polas rúas Habana, Emilia Pardo Bazán, Pena Trevinca, Coruña, Progreso, Xoán XXIII, Concello, Parque de San Lázaro (tramo entre Concello e Curros Enríquez) e Curros Enríquez (ata a rúa Habana). Estas rúas non forman parte da primeira fase da ZBE, quedando integrado o ámbito desta primeira fase polo espazo interior do polígono definido polas vías indicadas.

Sen prexuízo do anterior, a entrada en vigor do réxime sancionador na primeira fase da ZBE Ourense Centro producirase a partir do 1 de xullo de 2026.

Na segunda fase, a partir do 1 de xaneiro de 2029, as restricións de acceso, circulación e estacionamento estenderanse ao resto da zona de baixas emisións.

Normas específicas: aplicaranse as normas xerais de réxime de acceso, circulación e estacionamento previstas no anexo II. Nas rúas peonís incluídas no ámbito da ZBE Centro aplicaranse as normas específicas de acceso, circulación e estacionamento previstas para este tipo de vías na Ordenanza municipal de tráfico e circulación do municipio de Ourense.

ANEXO II

RÉXIME XERAL DE ACCESO, CIRCULACIÓN E ESTACIONAMENTO NAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN DO MUNICIPIO DE OURENSE

En defecto das normas especiais que, de forma xustificada, poidan establecerse no anexo I para cada zona específica de baixas emisións, nas zonas de baixas emisións aplicaranse as normas comúns de acceso, circulación e estacionamento previstas no presente anexo.

I. Vehículos con dereito ao acceso e circulación libre polas zonas de baixas emisións:

1. O réxime de acceso e circulación libre nas zonas de baixas emisións permite o dito acceso e circulación sen necesidade de autorización ou comunicación previa por parte dos usuarios.

2. Terán dereito de acceso e circulación libre nas zonas de baixas emisións os seguintes vehículos:

A) Os ciclos, bicicletas e vehículos de mobilidade persoal.

B) Os vehículos diferentes aos anteriores con distintivo ambiental B, C, ECO e 0, agás aqueles que, polas súas especiais características, teñan limitado o acceso ao casco urbano conforme ao artigo 6 da Ordenanza municipal de tráfico e circulación.

A esixencia do etiquetado ambiental prevista no apartado b) estenderase a tódolos vehículos diferentes aos mencionados no apartado a) que dispoñan de clasificación ambiental conforme ao Regulamento xeral de vehículos.

C) Os vehículos que non dispoñan dos distintivos ambientais establecidos no apartado B), pero se atopen nalgún dos seguintes supostos:

C.1) Vehículos propiedade de persoas residentes na zona de baixas emisións. Para estes efectos, consideraranse residentes as persoas empadroadas nun domicilio situado na zona de baixas emisións.



C.2) Vehículos posuídos polas persoas residentes na zona de baixas emisións, en réxime diferente ao de propiedade, cando as persoas residentes na zona estean rexistrados como condutores habituais no Rexistro da Xefatura Central de Tráfico.

C.3) Vehículos propiedade de persoas titulares de prazas de garaxe na zona de baixas emisións, ou vehículos posuídos por estas mesmas persoas en réxime diferente ao da propiedade, cando os titulares das prazas de estacionamento consten como condutores habituais dos vehículos no Rexistro de Vehículos da Xefatura Central de Tráfico.

C.4) Vehículos de persoas con mobilidade reducida que dispoñan da correspondente tarxeta de estacionamento expedida polo Concello de Ourense, durante o período de vixencia da dita tarxeta.

C.5) Vehículos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, do Ministerio de Defensa, dos servizos de prevención e extinción de incendios, protección civil, ambulancias, servizos médicos, servizos funerarios, transporte escolar, transporte interurbano de persoas, escolas de condución, taxis e autoturismos, vehículos de unidades móbiles de radio e televisión e vehículos de auxilio en vías públicas, cando estean clasificados para estes servizos no permiso de circulación conforme ao anexo II do Regulamento xeral de vehículos e exclusivamente cando sexa necesario para a realización das funcións para as que estean clasificados.

C.6) Vehículos adscritos aos servizos municipais do Concello de Ourense, incluídos os vehículos de empresas contratadas polo Concello para a prestación destes servizos. Mediante a resolución da Concellería – Delegada de Tráfico e Mobilidade poderá limitarse o horario de acceso destes vehículos ao tempo imprescindible para realizar as súas funcións de servizo público.

C.7) Vehículos sen distintivo ambiental, exclusivamente para o acceso aos inmobles dedicados a estacionamentos públicos – tanto se son de titularidade pública como privada - e estacións de servizo de vehículos emprazados dentro da zona de baixas emisións. Para estes efectos, as empresas xestoras dos estacionamentos ou estacións de servizo deberán remitir ao Concello, de forma telemática, un ficheiro cos datos de entrada e saída dos vehículos identificados por matrícula, nos termos e coa periodicidade que se estableza mediante resolución da concellería delegada de tráfico e mobilidade. A entrada no estacionamento público ou estación de servizo deberá realizarse nun período máximo de 15 minutos desde o acceso á zona de baixas emisións, e a saída desta zona deberá realizarse nun período máximo de 15 minutos dende a saída do estacionamento ou estación de servizo. No caso de infrinxirse estes prazos máximos, agás causa de forza maior, incorrerase en infracción das normas de acceso e circulación, sendo obxecto de sanción conforme ao previsto no artigo 10.1.b) da presente ordenanza”.

C.8) Vehículos de carga e descarga de mercadorías, dentro dos horarios permitidos pola Ordenanza municipal de tráfico e circulación.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese por vehículo de carga e descarga o destinado á actividade empresarial de entrega de mercadorías a establecementos mercantís, implicando normalmente entregas de gran volume e podendo empregar camións para a súa entrega.

Inclúense neste apartado os vehículos de subministración de combustible a inmobles situados nas zonas de baixas emisións.



II. Vehículos que precisan de autorización de acceso e circulación nas zonas de baixas emisións

Precisarán autorización de acceso e circulación nas zonas de baixas emisións os vehículos non incluídos no apartado I que se atopen nos seguintes supostos:

A) Vehículos de persoas residentes na zona de baixas emisións que se posúan en réxime diferente ao da propiedade e para os que as persoas residentes non figuren como condutores habituais no Rexistro de Vehículos da Xefatura Central de Tráfico. Para estes efectos, consideraranse residentes as persoas empadroadas nun domicilio situado na zona de baixas emisións.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) No caso de que o vehículo se posúa en réxime de arrendamento financeiro mediante renting ou leasing, copia do correspondente contrato.

3) No caso de que o vehículo se posúa en réxime de retribución en especie, certificado do representante legal da empresa titular do vehículo que declare a súa posta a disposición do residente en concepto de retribución en especie.

4) No caso de vehículos temporais en réxime de alugueiro a curto prazo conforme á Orde INT/3215/2010, do 3 de decembro, por tempo non superior a tres meses nun período de doce meses consecutivos, copia do contrato de arrendamento.

5) No caso de vehículos de substitución cedidos por talleres de reparación ou compañías de seguros, certificado expedido pola empresa cedente acreditativo da cesión. Nestes casos, ademais, a solicitude poderá ser tramitada pola entidade cedente do vehículo.

As autorizacións que se concedan conforme a este apartado limitarán a súa vixencia á do título que ampara a posesión do vehículo, debendo ser renovadas no caso de prórroga da dita vixencia, mediante a formulación dunha nova solicitude achegando a documentación indicada.

B) Vehículos de persoas titulares de prazas de garaxe na zona de baixas emisións, cando os vehículos non sexan propiedade destas persoas e os titulares das prazas de estacionamento non consten como condutores habituais dos vehículos no Rexistro de Vehículos da Xefatura Central de Tráfico.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) No caso de que o vehículo se posúa en réxime de arrendamento, arrendamento financeiro mediante renting ou leasing, copia do correspondente contrato.

3) No caso de que o vehículo se posúa en réxime de retribución en especie, certificado do representante legal da empresa titular do vehículo que declare a súa posta a disposición do residente en concepto de retribución en especie.



4) No caso de vehículos temporais en réxime de alugueiro a curto prazo conforme á Orde INT/3215/2010 de 3 de decembro, por tempo non superior a tres meses nun período de doce meses consecutivos, copia do contrato de arrendamento.

5) No caso de vehículos de substitución cedidos por talleres de reparación ou compañías de seguros, certificado expedido pola empresa cedente acreditativo da cesión. Nestes casos, ademais, a solicitude poderá ser tramitada pola entidade cedente do vehículo.

As autorizacións que se concedan conforme a este apartado limitarán a súa vixencia á do título que ampara a posesión do vehículo, debendo ser renovadas no caso de prórroga da dita vixencia, mediante a formulación dunha nova solicitude achegando a documentación indicada.

C) Vehículos de persoas que posúan prazas de garaxe na zona de baixas emisións en réxime diferente ao da propiedade.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) No caso de que a praza de garaxe se posúa en réxime de arrendamento, usufruto ou calquera outro título diferente á propiedade, copia do contrato ou título xurídico correspondente que ampare o seu uso. Nestes casos, a autorización estará limitada á vixencia da situación de titularidade do dereito de uso do inmovible.

3) No caso de que, ademais, o vehículo non sexa de titularidade do solicitante ou este non conste como condutor habitual no Rexistro da Xefatura Central de Tráfico, deberá achegarse a documentación prevista nos apartados 2, 3 ou 4 do apartado B), segundo proceda.

As autorizacións que se concedan conforme a este apartado limitarán a súa vixencia á do título que ampara a posesión da praza de garaxe ou, no seu caso, do vehículo, debendo ser renovadas no caso de prórroga da dita vixencia, mediante a formulación dunha nova solicitude achegando a documentación indicada.

D) Vehículos de persoas con mobilidade reducida que dispoñan de tarxeta de estacionamento outorgada por entidades locais diferentes ao Concello de Ourense. A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) Copia da tarxeta de estacionamento.

A validez da autorización estará limitada á da vixencia da tarxeta.

E) Vehículos para prestación de servizos públicos non municipais que non estean incluídos nos supostos do apartado I.D). A autorización solicitarse pola entidade xestora do servizo público, mediante a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.



2) No caso de servizos prestados en réxime de xestión indirecta, copia da resolución administrativa ou título xurídico que ampara a prestación do servizo.

A vixencia destas autorizacións limitarase ao período de vixencia do contrato, convenio ou encomenda da xestión do servizo. A concellería – delegada de tráfico e mobilidade poderá limitar o horario de acceso destes vehículos ao tempo imprescindible para a realización das súas funcións de servizo público.

F) Vehículos de persoas titulares de establecementos profesionais, mercantís ou de servizos na zona de baixas emisións.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade. Nesta solicitude indicárase o número de expediente correspondente á licenza, declaración responsable ou comunicación previa que ampare o uso do establecemento, para a comprobación de oficio dos datos da persoa titular.

Estas autorizacións limitaranse a un vehículo por establecemento, agás nos casos nos que o solicitante xustifique a necesidade de autorizar máis dun vehículo.

G) Vehículos de pais, nais, titores ou gardadores de feito de persoas menores de idade escolarizadas en centros docentes situados na zona de baixas emisións.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) Acreditación documental de que a persoa menor de idade atópase matriculada no centro escolar.

3) No caso de gardadores de feito, autorización dun dos proxenitores ou titores para a realización do servizo de transporte do menor.

Estas autorizacións limitaranse aos días lectivos, dentro da franxa horaria de actividade dos centros escolares, incrementada en media hora ao inicio e ao final desa actividade.

As autorizacións manterán a súa vixencia ata a maioría de idade dos menores para cuxo transporte se conceden, sempre que se manteña a matrícula no centro escolar. Para estes efectos, o Concello poderá, de oficio, solicitar dos centros escolares a confirmación desta circunstancia.

H) Vehículos de persoas cuxos centros de traballo se atopen na zona de baixas emisións.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) Certificación da entidade titular do centro de traballo, na que se indique a localización do centro de traballo e a xornada e horario de traballo do empregado

3) Copia do contrato de traballo do empregado interesado, en caso de traballadores de empresas privadas.



Estas autorizacións limitaranse aos días e horarios laborais da persoa solicitante, dentro da franxa horaria da súa xornada, incrementada en media hora ao inicio e ao final desa xornada.

As autorizacións manterán a súa vixencia en tanto subsista o contrato. Para estes efectos, o Concello poderá, de oficio, solicitar dos empregadores a confirmación desta circunstancia.

As referencias aos empregadores recollidas nesta norma deberá entenderse referidas tanto a entidades públicas como privadas.

I) Vehículos de persoas físicas ou xurídicas que presten servizos a persoas dependentes, persoas maiores de sesenta e cinco anos ou persoas menores de doce anos empadroadas nas zonas de baixas emisións.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) Copia do contrato laboral ou mercantil correspondente á prestación de servizos

3) No suposto de servizos prestados por empresas, identificación dos traballadores que prestarán o servizo e copia dos contratos laborais correspondentes.

Estas autorizacións limitaranse aos días e horarios de prestación dos servizos, incrementada en media hora ao inicio e ao final desa xornada.

As autorizacións manterán a súa vixencia en tanto subsista a relación de prestación de servizos que a xustifica. Para estes efectos, o Concello poderá, de oficio, solicitar dos beneficiarios a confirmación desta circunstancia.

J) Vehículos de reparto a domicilio, para a prestación do servizo a domicilios situados nas zonas de baixas emisións.

Para os efectos da presente ordenanza, enténdese por vehículos de servizo de reparto a domicilio os dedicados á actividade empresarial de entrega de mercadorías en domicilios de persoas físicas ou, excepcionalmente, de persoas xurídicas, para a entrega de artigos concretos, empregando vehículos de pequeno tamaño (bicicletas, vehículos de mobilidade persoal, ciclomotores ou, como máximo, furgonetas de reparto) excluíndose en todo caso o reparto a domicilio mediante camións.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade. Nesta solicitude indicárase o número de expediente correspondente á licenza, declaración responsable ou comunicación previa que ampare o uso do establecemento, para a comprobación de oficio dos datos da persoa titular. No caso de tratarse de establecementos situados fóra do termo municipal de Ourense, deberá achegarse o correspondente título habilitante.

2) Copia do contrato laboral ou mercantil correspondente ás persoas usuarias dos vehículos de reparto.

Estas autorizacións poderán limitarse aos horarios máximos que poida establecer a concellería – delegada, de forma motivada.



K) Vehículos de persoas que vaian pernoitar en establecementos hoteleiros situados nas zonas de baixas emisións.

A solicitude de autorización nestes casos debe realizarse exclusivamente pola empresa titular do establecemento hoteleiro, indicando os datos das matrículas dos vehículos e as datas e horarios para as que se solicita autorización.

Estas autorizacións limitaranse ao período comprendido entre as datas de entrada e saída no establecemento.

L) Vehículos de empresas de servizos de seguridade privada, incluídos os vehículos de transporte de caudais, para a prestación dos seus servizos na zona de baixas emisións.

A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.

2) Copia da autorización para a prestación do servizo de seguridade privada de que se trate.

3) Copia do contrato para a prestación dos servizos que esixen a entrada na zona de baixas emisións.

Estas autorizacións limitaranse ao horario preciso para a prestación dos servizos que as xustifican.

LL) Vehículos vinculados á execución de obras na zona de baixas emisións:

A solicitude deberá formularse pola empresa titular da licenza ou título urbanístico habilitante para a execución da obra, mediante modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade. Nesta solicitude indicárase o número de expediente correspondente á licenza, declaración responsable ou comunicación previa que ampare a execución da obra, para a comprobación de oficio dos datos da persoa titular e da existencia do dito título habilitante.

M) Vehículos que realicen traballos de reparación ou mantemento de infraestruturas ou instalacións na zona de baixas emisións.

A solicitude deberá formularse pola empresa que realice os traballos ou servizos, mediante modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade, achegando documentación xustificativa da necesidade do acceso. Estas autorizacións terán vixencia indefinida en tanto se manteña a actividade de prestación deste servizo pola empresa.

N) Vehículos que accedan a talleres de mantemento e reparación de vehículos situados nas zonas de baixas emisións. A solicitude de autorización nestes casos debe realizarse exclusivamente pola empresa titular do taller de reparación e mantemento, indicando os datos das matrículas dos vehículos e as datas e horarios para as que se solicita autorización. Para estes efectos, os talleres deberán estar rexistrados na plataforma libro – taller electrónico da Dirección Xeral de Tráfico.

Ñ) Vehículos que presten servizo de mudanzas. A solicitude deberá formularse pola empresa interesada, mediante modelo normalizado que establecerá a concellería – delegada en materia de



tráfico e mobilidade. Estas autorizacións terán vixencia indefinida en tanto se manteña a actividade de prestación deste servizo pola empresa.

O) Vehículos con matrícula estranxeira:

Os vehículos con matrícula estranxeira que non se atopen en ningún dos supostos do apartado I, deberán solicitar autorización para o acceso e circulación nas zonas de baixas emisións, baixo algunha das seguintes modalidades:

O.1) Os vehículos con matrícula estranxeira que se atopen nalgún dos supostos previstos nas letras A) a N) do apartado 2, deberán solicitar autorización nos termos indicados en cada un deses supostos.

O.2) O resto de vehículos con matrícula estranxeira, ao non estar clasificados conforme aos criterios vixentes do distintivo ambiental da Dirección Xeral de Tráfico, poderán obter autorización de acceso e circulación ás zonas de baixas emisións acreditando o cumprimento dos requisitos ambientais esixibles para a obtención dos distintivos B, C, ECO ou 0 en función da súa data de matriculación e da tipoloxía do seu motor, conforme ao previsto no apartado E do anexo II do Regulamento xeral de vehículos.

A solicitude deberá formularse pola empresa interesada, mediante modelo normalizado que establecerá a concellería – delegada en materia de tráfico e mobilidade, á que se acompañarán o permiso de circulación e a ficha técnica do vehículo na que figuren a súa data de matriculación e sistema de propulsión.

P) Vehículos históricos

Os vehículos declarados históricos e que consten como tales no Rexistro de Vehículos, cando non se atopen nos supostos previstos nos apartados I, C.1, C.2 e C.3 ou II A, B e C do presente anexo, poderán obter autorización de acceso e circulación nas zonas de baixas emisións para os seguintes usos:

- a) Para o seu uso ou exposición estática ou con fins publicitarios
- b) Para a realización de rodaxes e actividades cinematográficas ou audiovisuais
- c) Para a súa participación en desfiles ou actividades recreativas que esixan o paso pola zona de baixas emisións.

As solicitudes formularanse en modelo normalizado establecido pola concellería delegada de tráfico e circulación, achegando a documentación acreditativa da circunstancia que motiva a petición de autorización.

Q) Vehículos cuxo acceso á zona de baixas emisións sexa necesario para a participación en cerimonias civís ou relixiosas, ou en eventos culturais, sociais ou deportivos. Esta autorizacións terán carácter temporal e limitaranse ás datas e horarios dos eventos aos que responden e ás zonas de acceso e saída que se establezan na resolución. A solicitude requirirá a presentación da seguinte documentación:

- 1) Solicitude en modelo normalizado que establecerá a concellería delegada competente en materia de tráfico e mobilidade.



2) Descrición do evento e xustificación da necesidade de acceso dos vehículos.

III. Normas de tramitación e concesión das autorizacións de acceso e circulación nas zonas de baixas emisións

1. As solicitudes de autorización de acceso e circulación nas zonas de baixas emisións serán tramitadas e resoltas polo órgano delegado en materia de tráfico e mobilidade que estableza a Xunta de Goberno Local.

2. O prazo de resolución e notificación das solicitudes será dun mes contado dende a recepción completa da solicitude no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido ese prazo sen que se tiña ditado e notificado a correspondente resolución, a solicitude entenderase estimada por silencio.

3. As autorizacións poderán solicitarse ata o quinto día hábil posterior ao primeiro acceso efectuado á zona de baixas emisións, concedéndose neste caso con carácter retroactivo e con efectos do día natural do primeiro acceso para o que se solicita autorización. Na súa virtude, os posibles expedientes sancionadores tramitados polo acceso e circulación á zona no período de eficacia retroactiva da autorización quedarán sen efecto e serán arquivados de oficio.

4. O Concello de Ourense poderá, en calquera momento da vixencia das autorizacións, comprobar a realidade e o mantemento das circunstancias, condicións ou requisitos determinantes do outorgamento da autorización, podendo requirir da persoa interesada, de terceiras persoas ou das administracións públicas a documentación adicional que, de forma motivada, se estime precisa, así como realizar as comprobacións ou verificacións que sexan necesarias.

A constatación do incumprimento das circunstancias, condicións ou requisitos determinantes do outorgamento da autorización darán lugar á súa caducidade, que será declarada polo órgano competente para a súa concesión mediante expediente contradictorio con audiencia da persoa interesada. O órgano competente para declarar a caducidade da autorización poderá acordar, no acto de incoación do procedemento ou durante a súa tramitación, a súa suspensión cautelar, que terá efectos a partir do día seguinte ao da recepción notificación pola persoa interesada ou a partir do día seguinte a aquel no que, conforme á lexislación do procedemento administrativo común, se teña por realizado o trámite de notificación.

5. As autorizacións con limitación temporal caducarán de forma automática polo vencemento do seu prazo de vixencia, sen necesidade de resolución, notificación ou comunicación por parte do Concello.

6. As autorizacións de acceso e circulación de vehículos que correspondan a actividades promovidas ou xestionadas polo Concello de Ourense tramitaranse de oficio.

7. En todos aqueles supostos nos que se requira a obtención dunha autorización ou concesión de ocupación da vía pública para o estacionamento de vehículos nas zonas de baixas emisións, a autorización de acceso e circulación á zona tramitarase conxuntamente coa autorización de ocupación da vía pública nun único procedemento, que será resolto polo órgano competente en materia de tráfico e mobilidade.



8. Nos supostos en que un vehículo obteña autorización para acceso á zona peonil integrada na zona de baixas emisións, o acceso a esta última entenderase implícito na autorización de acceso á zona peonil.

IV. Réxime do estacionamento nas zonas de baixas emisións

No ámbito das zonas de baixas emisións aplicaranse as normas xerais de estacionamento previstas na Ordenanza municipal de tráfico e circulación. En todo caso, só terán dereito ao estacionamento na vía pública destas zonas os vehículos que teñan dereito ao acceso e circulación á zona, sexa de forma libre ou baixo autorización.

ANEXO III

Proxectos técnicos das zonas de baixas emisións do municipio de Ourense

III.1 Proxecto técnico da Zona de Baixas Emisións Centro de Ourense

Incorpórase ao presente anexo o Proxecto Técnico da Zona de Baixas Emisións Centro de Ourense, elaborado e tramitado conforme ao establecido no Real decreto 1052/2022, polo que se regulan as zonas de baixas emisións, e que consta no expediente de tramitación da ordenanza como documento con código seguro de verificación (CSV) RMSS2TH1PSPFEK4H

O dito documento pode obterse, de forma íntegra e gratuíta, na sede electrónica do Concello de Ourense, na dirección electrónica que se indica a continuación:

<https://sede.ourense.gob.es/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>

Conforme ao disposto no artigo 3.2 da presente Ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións, o Proxecto Técnico ten carácter informativo ou programático, servindo de fundamento técnico e motivación das determinacións dos anexos I e II da presente ordenanza, na que se integra para os efectos indicados.

Ourense, na data da sinatura electrónica. O alcalde.

Asdo.: Gonzalo Pérez Jácome.

R. 2.470

